

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 4 de marzo de 2016

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D^a. Angeles Marra Domínguez

D^a. Eugenia Dolores Blanco Iglesias
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de marzo de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(183).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de febreiro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(184).- PROPOSTA PARA INICIAR PROCEDUREMTO DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 8357/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 01/03/16, da xefe do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

En data 18 de febreiro de 2016, o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por causa da incorporación de novas zonas e modificación das superficies das existentes.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...).

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

Terceiro.- En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución n.º 901/2015, de estima o recurso.

Cuarto.- En data 30 de outubro de 2015, a mercantil CESPAS, S.A., presentou escrito de interposición de recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, contra o acordo da mesa de contratación de data 31 de xullo de 2015 e a resolución da XGL da mesma data, nas que exclúeselle do citado procedemento,. Este recurso foi admitido a trámite por decreto de data 20 de novembro do mesmo ano.

Quinto.- En data 11 de decembro de 2015, a XGL acordou “Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución”. Interposto ó recurso, este é admitido a trámite en resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 11 de xaneiro de 2016.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210

TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.
- Incorporación de novas zonas.

Se concorren estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento das zonas verdes obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevénse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluíndo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento de zonas verdes, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, o cambio de tipoloxía da zona, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies das zonas verdes cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas.

Informa ó respecto o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, parques e xardíns, en data 18 de febreiro de 2016, o seguinte:

“No período transcorrido desde a redacción e inventariado das zonas obxecto do contrato e o inicio da prestación con data 1 de setembro de 2015 por parte da empresa adxudicataria (Althenia,S.L) produxéronse alteracións no listado de zonas por:

- modificacións nas superficie.
- Incorporación de novas zonas.

Todas elas contempladas nas circunstancias que determinan a modificación e que se desglosan no seguinte cadro:

Zonas Verdes	Listados Adxudicación	Listados ampliados/detraídos	Superficie
Tipoloxía A (Has)	4,7047	4,7631	0,0584
Tipoloxía B (Has)	53,1968	53,4426	0,2459
Tipoloxía C (Has)	76,5240	76,4660	-0,0580
Tipoloxía E (Has)	14,0938	16,0916	1,9978
Tipoloxía D(Has)	12,6446	12,8661	0,2215
Tipoloxía R rotondas e illas (Has)	8,3553	9,1197	0,7644
Humedais e zonas de ribeira	14,1794	14,1685	-0,0109
Parques Forestais	83,7814	84,5887	0,8073
Arbolado. (unidades)	10.930,0000	11028,0000	98,0000
Xardiñeiras (m ²)	5.102,6700	6975,0100	1.872,3400

Xardiñeiras colgantes (unidades)	243,0000	254,0000	11,0000
Xardiñeiras individuais (unidades)	167,0000	167,0000	0,0000
Campos Deportivos (m ²)	11.085,3400	0,0000	-11.085,3400

Os prezos unitarios son:

Zonas Verdes	Prezo Unitario (€/ano)	Baixa Adxudicación	Prezo Unitario Vixente (€/ano)
Tipoloxía A (Has)	30.000,00	25,82%	22.254,00
Tipoloxía B (Has)	25.000,00	25,82%	18.545,00
Tipoloxía C (Has)	17.700,00	25,82%	13.129,86
Tipoloxía D (Has)	10.100,00	25,82%	7.492,18
Tipoloxía E (Has)	10.700,00	25,82%	7.937,26
Humedais e zonas de ribeira (Has)	10.700,00	25,82%	7.937,26
Rotondas e illas (Has)	30.000,00	25,82%	22.254,00
Parques forestais (Has)	3.700,00	25,82%	2.744,66
Arborado (unidades)	113,00	25,82%	83,82
Xardineiras (m ²)	175,00	25,82%	129,81
Xardineiras colgantes (unidades)	150,00	25,82%	111,27
Xardineiras individuais (unidades)	150,00	25,82%	111,27
Campos deportivos (m ²)	4,55	25,82%	3,37

Os importes correspondentes as superficies ampliadas son:

	Superficies	Prezo Unitario	0,00
Tipoloxía A (Has)	0,0584	22.254,00	1.299,63
Tipoloxía B (Has)	0,2459	18.545,00	4.560,21
Tipoloxía D (Has)	0,2215	7.492,18	1.659,51
Tipoloxía E (Has)	1,9979	7.937,26	15.857,85
Rotondas e illas (Has)	0,7644	22.254,00	17.010,96

Parques forestais (Has)	0,8073	2.744,66	2.215,76
Arborado (unidades)	98,0000	83,82	8.214,36
Xardineiras (m ²)	1872,3400	129,81	243048,45
Xardineiras colgantes (unidades)	11,0000	111,27	1.223,97
Xardineiras individuais (unidades)	0,0000	111,27	0,00

O importe da adxudicación e de 17.984.105,96 (IVE incluído) o que supón unha baixa do 25,82%.

O importe económico resultado das modificacións de superficie é de 295.090,70€/ano e según o prego de Bases Técnicas, no apartado 3.1, ó 5 % do prezo de adxudicación (899.205,30€), non afectará ó prezo do contrato.

Os importes económicos que non se imputarán, considerando un período de 42 meses desde o 1/ 03 /2016 ata final do contrato:

Ano de aplicación	Período	Importe económico
Ano 2016	Do 1 de marzo a 31 de decembro	214.096,50
Ano 2017	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	256.915,79
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	256.915,79
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de agosto	171.277,20
Total		899.205,28

E correspóndense coa seguinte táboa:

	Unidades	Prezo Unitario-año	Importe Total-Año	To-
Tipoloxía A (Has)	0,0584	22.254,00	1.299,63 €	
Tipoloxía B (Has)	0,2459	18.545,00	4.560,21 €	
Tipoloxía D (Has)	0,2215	7.492,18	1.659,51 €	
Tipoloxía E (Has)	1,9979	7.937,26	15.857,85 €	
Rotondas e illas (Has)	0,7644	22.254,00	17.010,95 €	
Parques Forestais	0,8073	2.744,66	2.215,76 €	
Arborado (unidades)	98	83,82	8.214,36 €	
Xardineiras (m ²)	1578,25	129,81	204.872,63 €	

Xardineiras colgantes (unidades)	11,0000	111,27	1.223,97 €
Xardineiras individuais (unidades)	0,0000	111,27	0,00 €

Nesta táboa quedan incluídas todas as zonas que figuran nos listados que a continuación se aportan e clasificadas como de Tipoloxía A, B, D, E y PF; todas as zonas incluídas en rotondas e illas ;todas as uds de arborado;as xardiñeiras colgantes as xardiñeiras individuais e 1.578,25m² de xardiñeiras que se corresponden co as que figuran no listado de xardiñeiras, excepto as das seguintes rúas da zona Centro:Camelias (193,81m²) , Nicaragua (69,44m²) e Gerona. (31,07m²)

Os importes correspondentes as superficies detraídas son:

Tipoloxía C (Has)	-0,0580	13.129,86	-761,53
-------------------	---------	-----------	---------

Humedais e zonas de ribeira (Has)	-0,0109	7.937,26	-86,51
-----------------------------------	---------	----------	--------

Campos deportivos (m ²)	-11085,34	3,37	-37.357,59
-------------------------------------	-----------	------	------------

Os importes económicos imputables durante os 42 meses que restarían de contrato considerando o inicio da modificación o 1/03/2016 son:

Xardiñeiras de Camelias ,Nicaragua e Gerona (294,32 m²x129.81€ano)...38.205,67€ano

Desconto Zonas deportivas(37.357,59€ano); Humedais(86,51€ano); Tipoloxía C(761,53€)

Total descuentos.....38.205,63€ano

Importe imputable...38.205,67€ano - 38.205,63€ano = 0,04 €/ano

Por tanto nesta modificación de contrato quedan definidas todas as zonas incluídas en el 5% de custo 0 e por outra banda, as zonas non incluídas neste 5% de coste 0 ,e que son: xardiñeiras de Camelias(193,81M²) ,Nicaragua(69,44m²) e Gerona(31,07m²) quedan compensadas cas superficies detraídas en Campos Deportivos,Humedais e Tipoloxía C.

No caso que a execución da prestación comece con posterioridade a data indicada no cadro anterior (1 de marzo), os importes correspondentes sufrirán o desconto proporcional que corresponda”.

Do exposto despréndese que a modificación proposta alcanza un 5% do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC. Tal e como dispón o apartado 16.E da FEC “O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago”. Para calcular o valor da modificación, de acordo co apartado 16.E da FEC, aplícase á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC, previa aplicación ó mesmo da porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.

-III-

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Limites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.*
- Limites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.*
- Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é dun 5% do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento das zonas verdes de nova creación, ou cuxa superficie resultou incrementada. O mantemento das zonas verdes e os parques forestais é unha competencia municipal obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da LBRL e 80.2.d e 81.b da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. No entanto, e tal e como se desprende do informe do enxeñeiro municipal transcrito no fundamento xurídico anterior, a Administración non ten que compensar o contratista pola modificación proposta por canto a modificación é dun 5% do prezo do contrato, e en virtude do disposto no apartado 16.E da FEC non afecta ó prezo do contrato.

O contrato cuxa modificación preténdese é obxecto de dous procedementos xudiciais que poderían determinar, en función do fallo xudicial, ó cambio do adxudicatario actual, polo que

sería preciso analizar tamén a conveniencia de modificar o mesmo neste intre procesual. Dado que a modificación proposta non afecta ó prezo do contrato, en principio, tanto dende ó punto de vista xurídico como dende un criterio de oportunidade, non atópase inconveniente á tramitación deste procedemento. Pola contra, de non modificar o contrato sería precisa a celebración doutro para realizar o mantemento das citadas zonas, o que representaría un custe económico ó concello, mentres que a presente modificación non implica custe.

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-IV-

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-V-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016, que se reproduce no fundamento xurídico segundo do presente informe.

2º.- A modificación representa un 5% do prezo primitivo do contrato, e non afectará ó prezo do mesmo, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas

administrativas particulares.

3º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(185).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVICIO PÚBLICO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS DE USO MIXTO NAS RÚA ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA CASTELAO (TOMA COÑECEMENTO PARA ENVÍO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA). EXPTE. 636/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/02/16 e o informe da Asesoría Xurídica do 05/02/16, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Contratación conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Directiva 2014/24/CE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública (Directiva 2014/24/CE).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

–Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible (LES).

–Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

–Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

–Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en

diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

–Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).

–Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En auto de data 23 de xaneiro de 2015, o xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U. (no sucesivo COCHERAS), sociedade instrumental creada por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (no sucesivo PUENTES), para xestionar a concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, que lle foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de data 21 de maio de 2007.

Deste auto tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en data 26 de marzo de 2015.

Segundo.- En resolución de data 17 de abril de 2015, a Xunta de Goberno Local, á vista da situación plantexada polo concurso da citada sociedade, acordou, entre outras medidas, “a realización dun estudo técnico sobre as necesidades que demande o interese público en relación co servizo público de aparcamento para avaliar o obxecto e condicións do contrato”. En cumprimento deste acordo, solicitouse informe ó Interventor Xeral do Concello e a un terceiro independente alleo á Administración municipal, a empresa consultora SEIXAS CONSULTORA, S.L.

Terceiro.- En datas 12 de maio e 19 de xuño de 2015, emiten informes ó Interventor Xeral do Concello e SEIXAS CONSULTORA, S.L., respectivamente. Dos devanditos informes, como se expoñerá na fundamentación xurídica da presente proposta, desprendese a inviabilidade da concesión nos termos nos que foi adxudicada e a necesidade de acometer unha modificación da mesma que reequilibre a economía do contrato, extremos que serán obxecto de análise no presente informe.

Cuarto.- En data 26 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade. As modificacións consistirán en:

- Excluir do seu obxecto a construción e explotación dun aparcadoiro de uso mixto na Rúa Rosalía de Castro.*
- Configurar o aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro denominado “de residentes” anexo ó aparcadoiro citado no punto anterior, como un aparcadoiro independente de uso mixto.*

- *Suspender a execución das obras de Rosalía II durante un prazo máximo de 10 anos, que se computará dende o día seguinte ó da formalización da presente modificación. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fixese rendible a explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste extremo, así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.*

2º.- Con carácter previo a continuación coa tramitación da presente modificación é imprescindible que, durante o prazo do trámite de audiencia da presente proposta, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., cumpra os seguintes requisitos:

- 1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta "sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación", consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.*
- 2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.*
- 3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.*
- 4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.*

3º.- Por imperativo do previsto no artigo 163 do TRLCAP, o Concello deberá compensar ao contratista para que manteña o equilibrio económico da concesión tendo en conta os supostos económicos que foron tidos en conta na adxudicación do contrato. En consecuencia co anterior, tomando en consideración os informes técnicos que figuran no expediente, unha vez que o órgano de contratación adopte o acordo de modificación do contrato, a compensación económica será de 1.600.000 euros anuais a aboar entre os anos 2016 e 2019, ambos inclusive, de acordo co exposto no fundamento xurídico VI do corpo deste escrito. A achega anual aboarase no primeiro trimestre do ano correspondente.

4º.- Requiritr á concesionaria a presentación dun novo plan económico-financeiro da concesión que contemple a situación do contrato unha vez acordada a modificación, no prazo de dous meses a contar dende a aprobación definitiva da modificación obxecto da presente proposta.

5º.- En todo caso a eficacia do acordo de modificación que no seu día se adopte quedará sometido á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen a liquidación da sociedade COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.

6º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo á Concesionaria, por prazo de un mes para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.”

Este acordo foille notificado á concesionaria en data 6 de xullo de 2015.

Quinto.- En data 6 de agosto de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., durante o prazo do trámite de audiencia, presenta escrito de alegacións no Rexistro Xeral deste Concello, comprometéndose ó cumprimento das condicións impostas como presuposto para a modificación do contrato, no acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xuño de 2015.

Sexto.- En data 6 de agosto de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., solicita a prórroga do prazo para dar cumprimento as condicións impostas no punto 2 do devandito acordo.

Sétimo.- En data 6 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Conceder un prazo de tres meses a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., para que cumpra os requisitos esixidos no punto 2º do acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2015.

2º.- O cómputo deste prazo iniciárase o día 1 de setembro por ser o mes de agosto inhábil a efectos xudiciais”.

Oitavo.- En data 21 de novembro de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U, solicita unha nova prórroga do prazo para dar cumprimento as condicións impostas no acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de xuño.

Noveno.- En data 27 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou:

“1º.- Conceder unha prórroga do prazo outorgado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., por resolución de data 6 de agosto de 2015, de 45 días a efectos de facilitar que poida cumprir os requisitos esixidos no punto 2º do acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2015.

2º.- O cómputo deste prazo iniciárase o día 2 de decembro”.

Décimo.- En data 27 de novembro de 2015, D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U, presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello no que, tras comunicar a conclusión do concurso de acredores de esta última sociedade e o cumprimento dos requisitos previos para a tramitación da modificación da concesión da que é titular, solicita a continuación da tramitación do expediente de modificación do contrato. Acompaña á solicitude a documentación que acredita o cumprimento dos citados requisitos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

-Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.

-II-

Con carácter previo á análise dos informes sobre a situación actual da concesión e as medidas a adoptar, elaborados pola Intervención Municipal e a consultora SEIXAS, conviría describir someramente as vicisitudes deste contrato dende o inicio do período de execución.

Constitúe o obxecto deste contrato, segundo a cláusula 2 do PCAP “a redacción dos proxectos, a execución das obras de construción e a subseguinte prestación do servizo público de aparcadoiro a realizar mediante concesión administrativa nos aparcadoiros subterráneos que se constrúan repartidos nos lotes que se citan a continuación:

- Lote nº 1: Rúa Areal; Rúa Policarpo Sanz e Rúa Pintor Colmeiro.
- Lote nº 2: Avenida de Castelao, Rúa Jenaro de la Fuente e Rúa Rosalía de Castro”.

O contrato que nos ocupa, correspondente ó lote 2, foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2) a súa intención de constituír unha sociedade unipersonal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicatario. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicatario do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersonal,

COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

Comezou a execución do lote 2 deste contrato coa redacción dos proxectos construtivos e a súa posterior aprobación, en resolución da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2008, firmándose as actas de comprobación de replanteo en datas 11 de xuño de 2008 (Jenaro de la Fuente), 18 de xuño de 2008 (Castelao) e 29 de setembro (Rosalía de Castro I e II). Tras a comprobación do replanteo, se iniciaron as obras de construción dos aparcadoiros de Jenaro de la Fuente e Castelao. En data 4 de novembro de 2010, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a acta de comprobación dos mesmos e autorizou a súa apertura ó servizo público.

O aparcadoiro de Rosalía de Castro (no sucesivo, Rosalía I) leva anexo un aparcadoiro de residentes (en adiante, Rosalía II). En data 29 de setembro de 2008, se firmou a acta de replanteo, comezando as obras de construción do mesmo. No entanto, as mesmas foron paralizadas en 2009, sen que a concesionaria solicitase a suspensión das mesmas nin comunicase esta circunstancia ó órgano de contratación.

O aparcamento da rúa Rosalía de Castro atopase no contorno do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. Esta circunstancia determinou que fose necesaria recabar autorización do proxecto da administración autonómica, requisito previo ó inicio das obras. Solicitada esta, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en resolución de data 21 de novembro de 2008, impuxo ó concesionario a obriga de realizar sondaxes arqueolóxicas. Como resultado das mesmas, atopáronse restos arqueolóxicos pertencentes a diversas épocas históricas, razón pola que a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, como requisito previo á autorización do proxecto, esixiu unha ampliación das intervencións arqueolóxicas.

Esta circunstancia propiciou que o concesionario solicitase da XGL a modificación da traza do aparcadoiro Rosalía I, reducíndoa, para deixar fora da mesma o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Oporto e Canceleiro. Con esta nova traza pretendía evitar incorrer en maiores gastos, máxime sen ter garantida a realización do aparcadoiro coa traza prevista, circunstancia que solo podería ser determinada á vista dos resultados das prospeccións. A nova traza implicaba un custo menor por canto reducía o número de catas a realizar e se evitaba a realización da escavación en área. O concesionario renunciou a realizar reclamación económica ningunha ó concello por consecuencia da redución de prazas que implicaba esta modificación de planta solicitada.

En data 4 de decembro de 2009, a Xunta de Goberno Local acordou modificar a traza segundo o solicitado, e requirir á concesionaria a presentación dun novo proxecto construtivo conforme coa nova traza. Este proxecto foi presentado en data 15 de decembro de 2009. No entanto, durante a tramitación do mesmo, a Xunta de Compensación da Unidade de Actuación I-06 Rosalía de Castro 2, cuxo ámbito de actuación coincidía parcialmente co dos aparcadoiros de Rosalía de Castro I e II, solicitou autorización municipal, para urbanizar o tramo da rúa Rosalía de Castro comprendido entre as rúas Serafín Avendaño e García Barbón. Tendo en conta que as obras de Rosalía de Castro I non comezaran, e que as de Rosalía de Castro II estaban paralizadas sen xustificación, tras diversos requirimentos realizados pola Administración municipal á concesionaria respecto a reanudación das obras de Rosalía de Castro II sen resposta, se acordou acceder ó solicitado. Como consecuencia desta urbanización as obras de Rosalía de Castro II quedaron sepultadas.

Realizada a urbanización, a concesionaria, presenta un novo proxecto, que supoñía unha nova modificación da traza, reducíndoa de novo, para minimizar a incidencia da construción do aparcadoiro na nova urbanización executada, e renunciou a realizar reclamación económica ningunha ó concello por consecuencia da redución de prazas que implicaba a nova modificación de planta solicitada.

En data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local, á vista da citada solicitude, acordou unha nova modificación da traza do aparcadoiro, así como someter ó proxecto construtivo do aparcadoiro ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental, con carácter previo á aprobación do mesmo.

Durante a tramitación deste último procedemento de modificación, a concesionaria solicitou, primeiro o reequilibrio económico da concesión, e antes de que finalizase o prazo de resolución desta solicitude, a resolución do contrato. Ambas solicitudes foron denegadas en resolución da Xunta de Goberno Local de data 19 de abril de 2013. A concesionaria interpuxo contra este acordo, recurso contencioso-administrativo, ditándose sentencia en data 25 de marzo de 2014 polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Vigo desestimando as súas pretensións. Contra a mesma, PUENTES recorreu en apelación, sendo desestimado o recurso en sentenza de data 2 de outubro de 2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En data 23 de xaneiro de 2015, en auto do xulgado do mercantil número 2 de A Coruña, declarouse a COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., en concurso voluntario de acredores.

-III-

Analizaremos a continuación os informes sobre a situación actual da concesión.

O informe do Interventor Municipal, de data 12 de maio, partindo da premisa da situación de concurso na que se atopa a sociedade instrumental creada para a xestión do contrato, pretende "a procura de alternativas que eviten a liquidación da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, xa que, tendo en conta a demanda incidental do Banco Popular, que me foi remitida pola Sra. Titular da Asesoría Xurídica o 21/04/2015, na que fai notar que da resolución se derivaría unha RPA de 17.615.827,00 euros, así como a acción da mercantil xestora da concesión, o Concello podería atoparse nunha situación de incerteza de concretarse a acción pretendida por aplicación do artigo 169 do TRLCAP, que estaría cuantificada no investimento feito pendente de recuperar".

No punto IV do informe se analizan as alternativas posibles para resolver a situación plantexada:

- a) Manter o contrato, esixindo o cumprimento do mesmo coa execución dos aparcadoiros de Rosalía Castro: I e II.*
- b) Adoptar acordos para acadar a viabilidade do contrato, buscando alternativas entre as que se atoparía a modificación do contrato, explorando tecnicamente a viabilidade económica dos aparcadoiros de Rosalía Castro.*
- c) Concluír coa liquidación da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES.*

Como resultado deste análise, conclúe que:

- Executar o contrato nos termos previstos implicaría “unha hipotética indemnización inicial de 17.680.110,17 euros, e se se executa o aparcadoiro de Rosalía Castro I, esa contía sería de 38.330.110,17 euros”. Se ben, no seu caso, desa contía habería deducir a indemnización dos danos e prexuízos orixinados ó Concello pola concesionaria. Polo que, a xuízo do interventor, “Non parece prudente optar por esta alternativa, xa que ao problema actual se lle estaría engadindo o derivado da construción do aparcadoiro de Rosalía Castro I e II. Ademais, e sendo este extremo o máis importante, non habería posibilidade de dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto”.
- A liquidación da mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES implicaría facer fronte a contía do investimento, e indemnizar á concesionaria en 17.680.110,17 euros, consonte o previsto no artigo 169 do TRLCAP. Di o respecto o citado informe que “o custe posible para o Concello sería o de facer fronte a esta indemnización ou se fose o caso, a RPA, do que habería que deducir a indemnización por danos e prexuízos a favor desta administración. En todo caso, esta alternativa tampouco permitiría dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto”.
- A modificación do contrato non executando a parte do obxecto contractual pendente por razóns de interese público é, a xuízo do Interventor, a única opción posible para garantir o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, sempre e cando con elo se garanta a viabilidade do contrato.

O informe da consultora SEIXAS, elaborado polo profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo, D. Francisco Xabier Martínez Cobas, de data 19 de xuño de 2015, se centra en tres aspectos:

- A determinación do prezo das obras e instalacións dos estacionamentos obxecto da concesión.
- As causas da situación actual da concesionaria, para valorar se as dificultades proceden da xestión ou se se produciron causas obxectivas e esóxenas á xestión que provocaron a situación concursal.
- O estudo da viabilidade económica da concesión.

Polo momento, nos centraremos no análise da viabilidade da concesión. Comeza por aclarar que entende por viabilidade “xerar as condicións que permitan atender ao servizo público da concesión, o que ten coma condición necesaria atender aos fluxos de caixa precisos para iso. Daquela, procuramos unha viabilidade financeira para cumprir co servizo, e non a recuperación das taxas de retorno previstas no PEF da concesión, que son obxecto do risco e ventura da propia concesionaria” (apartado 1).

Tras realizar un análise minucioso do período de explotación da concesión ata a actualidade, chega a conclusión de que “dende o inicio da explotación dos dous estacionamentos, non puido xerar tesourería dabondo co seu negocio ordinario para atender os pagamentos comprometidos. Catro anos despois da posta en marcha da explotación, parece evidente que a concesión non é viable ata a actualidade” (apartado 4.1- páxina 17).

Realizando unha prospección do período 2015-2025 da concesión cos aparcadoiros construídos na actualidade, Jenaro de la Fuente e Castelao, conclúe que “en todos e cada

un dos exercicios dende o 2015 ao 2025, a tesourería da concesionaria sería negativa, coa consecuencia de que a concesión non sería viable, entendendo como viabilidade aquela situación na que unha sociedade é quen de atender as súas obrigas de pagamento. Xa que logo, moito menos cabería falar da rendibilidade da concesión, en canto capacidade de recuperar o investimento e producir beneficios. Tal e como se aprecia no cadro anterior, durante o período 2015-2025 a propietaria da concesión debería achegar 11 millóns de euros, dos que só recuperaría unha parte no período 2025-2060. Ademais, a concesión non sería quen de recuperar o importe das achegas xa realizadas en exercicios anteriores, que no ano 2014 ascendían a 13 MM €” (apartado 4.2-páxina 20).

Continúa analizando a viabilidade da concesión se se constrúe o aparcadoiro de Rosalía de Castro “se, sendo inviable a concesión cos dous estacionamentos en explotación, a construción de Rosalía I pode modificar a corrente de fluxos de caixa ata o punto de cambiar a situación anterior e melloralala, ou pode agravala ao converterse nun problema maior para o interese público. En orixe, o estacionamento de Rosalía Castro I estaba previsto para ser o de maior importancia económica no lote da licitación, por tamaño, por facturación prevista e por xeración de valor actual neto (VAN)” (apartado 4.3-páxina 21) . Tras un análise minucioso dos aspectos relativos a investimento e financiamento da obra, ingresos e custes operativos e gastos financeiros, conclúe que (apartado 4.3.4-páxina 29):

- Existe risco arqueolóxico, non estando garantido que se poida construír o aparcamento.*
- O proxecto presenta unha elevada sensibilidade ás variacións sobre a demanda prevista.*
- Da información ofrecida, e do conxunto do PEF a disposición no anexo, determínase que o proxecto adoece de viabilidade, xa que o resultado final é dun Valor Actual Neto (VAN) negativo por importe de -6.000.000 €. As taxas de retorno toman valores positivos inferiores a calquera consideración do investimento privado no sector.*
- Realizamos outras análises de sensibilidade sobre a estrutura financeira (ratio de apalancamento), sobre o custo da débeda e sobre o custo dos recursos propios. En termos xerais as taxas de retorno están por debaixo dos valores que xustificarian o investimento, e isto é válido para a actual concesión, pero tamén para a hipótese dunha nova saída a concurso público para construír o estacionamento.*
- A suma de baixa rendibilidade, VAN negativo e necesidades adicionais de tesourería para un mínimo doutros dous exercicios non consegue dotar de viabilidade ao Lote que formaría o aparcamento cos existentes de Jenaro de la Fuente e Castelaio, o que, ao noso xuízo, agrava potencialmente o problema para o interese público.*

E por último, analiza a situación do aparcadoiro de Rosalía II (apartado 4.4- páxinas 30-31), concluíndo que de momento non é aconsellable acometer o remate da construción deste aparcadoiro por canto “non aporta nada financeiramente ao conxunto do proxecto, senón que xeraría a curto prazo máis necesidades de tesourería derivadas do remate da obra”. E propón unha suspensión da execución das obras por un período transitorio de cinco a dez anos e a posibilidade de abrir a rotación e abonos a explotación do estacionamento.

Tras o análise da viabilidade de cada un dos aparcadoiros que compoñen o lote, establece como conclusión final que a concesión, nas condicións actuais non é viable nas condicións actuais do mercado, polas seguintes razóns (apartado 4.5- páxina 33):

- Os dous estacionamentos en explotación non xeran tesourería como para atender aos pagamentos, sendo precisos ao redor de 9.000.000 € para cumprir a cadea de pagamentos previstos nos vindeiros exercicios económicos.
- O aparcamento Rosalía I, de se realizar, e de non verse impedido e/ou limitado pola posible extensión dos restos arqueolóxicos da área como os xa atopados, agravaría o problema en vez de resolvelo, segundo o cálculo do PEF que realizamos no apartado 4.3.
- O aparcamento Rosalía II, pola súa banda, tampouco axuda ao proxecto, dada a situación actual do mercado, exposta no apartado 4.4.

A viabilidade da concesión, a xuízo deste informe, partiría das seguintes premisas (apartado 1-páxina 4):

1. A achega de recursos por parte da propietaria da concesionaria para equilibrar a situación actual, axustando os recursos propios, o que implica un desembolso por importe de 1.675.000 €.
2. A modificación das condicións de explotación no estacionamento da Avenida de Castelao, para reducir os custos que o fan deficitario. Isto combínase cunha proposta de abaratamento dos abonos do orde do 50% sobre o previsto, para achegar os prezos á capacidade económica real dos residentes e usuarios potenciais, dándolle así utilidade social.
3. A supresión do estacionamento denominado Rosalía I, motivada pola inviabilidade actual da súa explotación. O prexuízo ao PEF inicial das condicións de demanda actual e dos restos arqueolóxicos atopados, así como a incerteza de que se estendan pola área a construír, fan que a realización da obra agrande o problema da concesión, que podería crear un maior prexuízo futuro ao interese público.
4. A suspensión temporal da execución e remate do estacionamento denominado Rosalía II, para residentes, motivada na baixa demanda actual para facer viable a entrega de prazas en réxime de concesión. Neste caso, a nosa proposta é unha prórroga dun prazo de cinco a dez anos, e unha apertura á posibilidade de usos para rotación e abonos, na agarda dun cambio de situación con maiores garantías de execución para o interese público.
5. Por último, a achega de recursos polo Concello de Vigo, por unha contía de 1.600.000 € para cada un dos anos 2016-2019, cun importe total de 6.400.000 €, que permita equilibrar os fluxos de tesourería no período de maior carga financeira, derivado do principal e xuros do préstamo que financiou a construción dos estacionamentos.

Conclúese do análise dos citados informes que, ó máis conveniente para o interese público é evitar a resolución do contrato, e proceder a súa modificación para acadar a rendibilidade da concesión, eliminando do obxecto do contrato o aparcadoiro mixto da rúa Rosalía de Castro I e modificando a configuración e o prazo de execución do aparcadoiro de Rosalía de Castro II.

A construción de Rosalía I non é aconsellable por canto non parece, tras o análise da demanda actual, que sexa rendible e vaxa subverter a economía da concesión, cuxa explotación arroxa déficit, e pola contra, se se constrúe e posteriormente se resolve a concesión, se incrementaría a cantidade a aboar ó concesionario en concepto de gastos de construción dos aparcadoiros, o que determinaría o incumprimento dos obxectivos de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto, que, ó sobrepasar o teito de gasto, incumprindo co principio da regra de gasto, a súa vez, aparellaría a necesidade de aprobar

un Plan Económico Financeiro para acadar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e un Plan de axuste.

Conviría así mesmo ó interese público, e polas mesmas razóns expostas, non construír de momento o aparcadoiro de Rosalía II. O aconsellable sería suspender a execución das obras durante un prazo suficiente de tempo para variar as condicións da demanda de prazas de aparcadoiro, que se fixa en 10 anos, á vista do informe Seixas. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fixese rendible a explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste extremo así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída e que na actualidade atópase soterrada. Así mesmo, sería conveniente modificar a configuración do aparcadoiro de residentes de Rosalía de Castro, transformándoo nun aparcamento de uso mixto, de rotación e residentes, pois dada a escaseza de demandas en cesión en uso de prazas para residentes, parece razoable incrementar a súa rendibilidade coa explotación de prazas en rotación, máxime cando xa non se vai construír o aparcadoiro de Rosalía I, do que constituía un anexo, o cal era de uso mixto.

En consecuencia, procede formular ó órgano de contratación unha proposta de modificación do contrato, eliminando a obriga de construír o aparcadoiro de uso mixto de Rosalía de Castro, modificando a configuración do de residentes transformándoo nun aparcadoiro de uso mixto, fixando un prazo de dez anos para que o concesionario constrúa este, se un cambio de circunstancias o fixera rendible, e por último, restablecendo o reequilibrio económico do contrato tras a modificación.

-IV-

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 59.1 LCAP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato no artigo 30 do PCAP.

No ámbito dos contratos administrativos, como no dos contratos privados, rexe o principio de “pacta sunt servanda”, os contratos deben cumprirse segundo o pactado. No obstante, no ámbito dos contratos administrativos, o principio da inmutabilidade dos pactos está modulado polo exercicio das potestades exorbitantes que ostenta a Administración no seno do contrato, as cales se xustifican pola súa posición de garante do interese público subxacente en todo contrato administrativo (artigo 103 CE e 3 LRJAP). Estes principios, xunto do principio de liberdade de pactos están positivizados no artigo 4 do TRLCAP segundo o cal “A Administración poderá concertar os contratos, pactos e condicións que teña por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración e deberá cumprilos a tenor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación básica en favor daquela”.

A modificación rexese pola normativa aplicable ó contrato, se ben o exercicio das potestades administrativas se rexe pola lexislación vixente no momento no que sexan exercitadas. Ademais, é preciso ter en contra que a normativa de aplicación, debe ser

interpretada necesariamente en coherencia coa Directiva 2014/24/CE, aplicando os principios que rexen a contratación segundo a mesma, fundamentalmente ó principio de igualdade de trato dos licitadores recollido no artigo 18.1 da mesma, e consonte a interpretación do mesmo efectuada polo o TJUE, que determina que “os poderes adxudicadores deben dar ós operadores económicos un tratamento igualitario e non discriminatorio, e obrar con transparencia tanto na fase anterior á adxudicación do contrato como na súa execución” (Sentenza de 29 de abril de 2004 do TJCE -Succhi di frutta-). Á luz destes postulados non é admisible que durante a execución do contrato se introduzan no mesmo variacións substanciais dos elementos que foron tidos en conta no momento da adxudicación. Neste senso determina a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Economía e Facenda, no seu ditame 9/1999 que “deben descartarse modificacións del objeto del contrato que supongan una alteración sustancial de las bases y criterios a los que responde la adjudicación del mismo mediante el sistema de licitación pública, pues celebrada mediante licitación pública la adjudicación de un contrato, tanto administrativo como privado, dado que su adjudicación se rige por las mismas normas, la solución que presenta la adjudicación para el adjudicatario, en cuanto a precio y demás condiciones, no puede ser alterada sustancialmente por vía de modificación consensuada, ya que ello supone un obstáculo a los principios de libre competencia y buena fe que deben presidir la contratación de las Administraciones Públicas, teniendo en cuenta que los licitadores distintos del adjudicatario podían haber modificado sus proposiciones si hubieren sido concedores de la modificación que posteriormente se produce”.

A potestade de modificación é máis intensa nos contratos de xestión de servizo público, como no caso que nos ocupa, por canto neles se encomenda a un contratista a prestación dun servizo de titularidade da Administración, durante un prazo de tempo que pode chegar a ser moi prolongado, polo que resulta lóxico que aquela goce dun amplo poder discrecional para modificar o contrato cando xurdan as necesidades imprevistas non contempladas inicialmente, que fagan necesaria a modificación. Nun período dilatado de tempo, é frecuente que aconteza un cambio das circunstancias sociais, económicas, tecnolóxicas, etc, tidas en conta no momento da adxudicación do contrato, ou simplemente varíen as necesidades dos usuarios do servizo. Neste senso, o artigo 127 do RSCL (precepto que, como todo o Título III do que forma parte, foi declarado expresamente en vigor pola Disposición Derogatoria única, apartado 1. f) do RLCAP na medida en que non se opoña ó establecido no RLCAP), dispón textualmente: «A Administración concedente ostentará (...) as seguintes potestades (...): Ordenar discrecionalmente, como podería dispoñer se xestionase directamente o servizo, as modificacións no concedido que aconselle o interese público.

-V-

Sentadas as premisas que sustentan o exercicio do *ius variandi* da Administración no eido dos contratos administrativos, e en concreto, nos de xestión de servizo público, nos centraremos na modificación do contrato que nos ocupa.

Dos informes citados no fundamento xurídico III se desprende que sería necesario modificar tres aspectos do contrato:

- O obxecto, reducíndoo, para eliminar do mesmo a redacción do proxecto, a execución das obras de construción e a subseguinte prestación do servizo público de aparcadoiro na Rúa Rosalía de Castro.

- *A configuración do aparcadoiro de Rosalía de Castro de Residentes, anexo ó anterior, que deixaría de estar dedicado exclusivamente a residentes para converterse nun aparcamento de uso mixto, de rotación e residentes.*
- *Suspender a execución das obras de Rosalía II durante un prazo máximo de 10 anos. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fixese rendible a explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste extremo así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.*

As previsións do PEF respecto dos ingresos que xeraría este contrato non resultaron ser moi realistas, ou canto menos, non se cumpriron por circunstancias externas ó contrato, como a crise económica ou outros factores tales como a escaseza de demanda de prazas, tanto en rotación como de residentes. O certo é que, sexa cal sexa a causa, a día de hoxe a concesión é deficitaria. Ben e verdade que a concesionaria non construíu o aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que segundo o PEF era o máis rendible de todos, destinado a compensar os baixos ingresos e incluso perdas dos outros dous, Jenaro de la Fuente e Castela. Argumento defendido por esta Administración tanto cando PUENTES solicitou o reequilibrio económico da concesión, como cando solicitou a resolución do contrato pola ruptura do equilibrio económico do mesmo. No entanto, na actualidade, tras a situación de concurso de COCHERAS, non parece razoable, dende o punto de vista do interese público, obrigar a PUENTES, unha vez rematado o procedemento concursal sen liquidación, á construción do citado aparcadoiro. Precisamente, unha das razóns polas que rematou o concurso sen liquidación, tal e como se desprende do informe do administrador concursal de data 7 de outubro de 2015, foi a aprobación polo órgano de contratación da incoación dun expediente para a modificación do contrato que pretende facer a concesión rendible dende o punto de vista económico. Segundo o citado informe “esta Administración concursal considera que no existe actualmente insolvencia de la Concursada, y que, en base a las obligaciones que asume su socio único PUENTES; a la modificación del objeto del contrato administrativo de concesión; y por la compensación dineraria que aportará el AYUNTAMIENTO DE VIGO para mantener el equilibrio económico de la concesión, procede informar favorablemente la solicitud de conclusión del concurso de COCHERAS, con archivo de las actuaciones” (páxina 10 in fine). Pois non se pode perder de vista á circunstancia de que, o único obxecto social de COCHERAS é precisamente a xestión e explotación económica desta concesión. Se esta non é rendible é claro e palmatorio que, máis tarde o máis cedo, esta empresa entrará nun novo proceso concursal que acabe coa súa liquidación. E a construción do aparcadoiro empeoraría a situación, tal e como afirman os informes citados. Así, á vista do informe de Seixas Consultora, resulta que o estudo de demanda de prazas de aparcadoiro no seu ámbito de influencia non xustifica unha inversión tan elevada sen garantías de que a concesión sexa rendible. Se as circunstancias non mudan, podería ocorrer, construído o aparcadoiro, que non sendo viable a concesión, se acabase resolvendo o contrato, elevándose deste xeito a indemnización a pagar pola Administración.

A non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro se xustifica dende varios puntos de vista:

- Na actualidade, segundo o informe da consultora externa de data 19 de xuño de 2015, non hai suficiente demanda de prazas de aparcamento en rotación nin tampouco de prazas para residentes na zona de influencia do aparcadoiro.
- Ademais, hai que ter en conta que o aparcadoiro de Rosalía, como se ten dito, está no ámbito do xacemento arqueolóxico Pontevedra-Areal, que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. A pesar de que o proxecto inicial se modificou para evitar realizar novas prospeccións arqueolóxicas, sen embargo, so reduciu o número das catas a realizar. As sucesivas modificacións acordadas non garantiron a realización do aparcadoiro, circunstancia que so podería coñecerse unha vez realizadas as intervencións arqueolóxicas impostas pola Administración autonómica, en función do achado, ou non, de novos restos arqueolóxicos. Como xa manifestou a arqueóloga municipal con ocasión das modificacións solicitadas pola concesionaria, citadas no fundamento xurídico II, en informe de data 8 de marzo de 2013: “a nova traza proposta reduce de 6 a 2 os puntos nos que efectuar unha escavación arqueolóxica ao tempo que diminúe considerablemente as sondaxes intermedias a realizar, o que supón unha redución moi importante (1) do custe económico das actuacións arqueolóxicas e (2) dos tempos de execución” (...) “lémbrese que o proxecto de execución deberá ser autorizado pola Consellería de Cultura e que a súa viabilidade dependerá dos resultados obtidos nas intervencións arqueolóxicas”.
- O non estar garantida a viabilidade da concesión coa construción do mesmo, pois, de non resultar rendible, se por calquera causa se resolvese a concesión, o Concello non podería facer fronte a unha indemnización tan elevada como a que corresponderíalle aboar o contratista polo valor das obras dos tres aparcadoiros.
- Presenta un Valor Actual Neto (VAN) negativo baixo diferentes hipóteses de demanda, de modificación de condicións financeiras e de custo do recursos propios, e obrigaría a unhas achegas de tesourería moito maiores para o conxunto da concesión e potenciaría a posibilidade de liquidación da concesionaria, agravando a situación para o interese público (apartado 5.2.1 informe Seixas).

Ademais de non construír o aparcadoiro de Rosalía I, para facer a concesión viable, tal e como se ten exposto, é preciso modificar a configuración do aparcadoiro de Rosalía de Castro de Residentes, anexo ó anterior, que deixaría de estar dedicado exclusivamente a residentes para converterse nun aparcamento de uso mixto, de rotación e residentes, e suspender a execución das obras do mesmo, concedendo un amplo prazo para a súa execución.

O cambio da súa configuración, converténdoo nun aparcadoiro de uso mixto, xustifícase en que deste modo é máis fácil obter un grado de ocupación, ben sexa en rotación ou por residentes, que o faga rendible.

A suspensión, tal e como se manifestou no fundamento xurídico III, estaría motivada na escaseza de demanda actual. A súa construción no futuro dependerá de que cambien as circunstancias e sexa rendible, pois non tería sentido modificar agora o contrato con obxecto de facelo viable e a continuación, construír un novo aparcadoiro que, dada a súa reducida capacidade, dificilmente soportaría os custes operativos, polo que podería converterse nun elemento adicional de tensión de liquidez do conxunto da concesión. En este sentido se fixa un prazo de dez anos, consonte a proposta formulada no informe Seixas, para que o concesionario, ante un eventual cambio de demanda, poida solicitar do Concello a reanudación das obras, se ben, se establece como requisitos imprescindibles para autorizalo, que o concesionario xustifique:

- *Un incremento da demanda que fixese rendible a explotación do aparcadoiro.*
- *Que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento.*

Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.

O interese público desta modificación, á vista do exposto, está en minimizar os danos as arcas municipais reducindo os pagos a realizar para evitar un desequilibrio presupostario e a creba da regra do gasto. Para lograr satisfacer este interese público é necesario modificar o contrato que nos ocupa, evitando a construción dun aparcadoiro, que tal e como manifesta o informe de Seixas, tería una baixa rendibilidade e que, lonxe de mellorar a viabilidade da concesión, incrementaría o VAN negativo que ofrecería un PEF elaborado cos datos actuais, agravando a situación da concesionaria. A construción do mesmo non so non garante a viabilidade da concesión se non que a empeora, e no evita unha resolución do contrato no futuro, senón máis ben o contrario, potencia este risco, co subseguinte incremento da indemnización que o Concello debería aboar á concesionaria polo valor das obras construídas, en aras de evitar un enriquecemento inxusto da Administración, por imperativo do disposto no artigo 169 TRLCAP “Nos supostos de resolución, a Administración abonará, en todo caso, ó contratista o prezo das obras e instalacións que, executadas por este, haxan de pasar a propiedade daquela, tendo en conta o seu estado e o tempo que restar para a reversión”. O cumprimento desta obriga de indemnización implicaría un déficit no presuposto municipal, o que como consecuencia determinaría o incumprimento dos obxectivos de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto impostos ás administracións públicas pola Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, derivados do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e do Protocolo nº 12 de aplicación do mesmo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo. Estas mesmas razóns avalan as modificacións relativas ó aparcadoiro de Rosalía II. Neste momento non hai demanda suficiente para que a súa explotación sexa rendible.

Os artigos 3 e 4 da LO 2/2012 establecen a suxeición das Administracións públicas ós principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A estabilidade orzamentaria, a define como “a situación de equilibrio ou superávit estrutural” (artigo 3.2) e a sustentabilidade financeira como “a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea” (artigo 4.2).

Tal e como manifesta o devandito informe do interventor municipal, as eventuais indemnizacións ás que tería que facer fronte esta Administración de non modificar o contrato, se se liquidase a sociedade instrumental que xestiona o contrato e se resolverse a concesión, non so quebrarían os citados principios, senón que tamén se produciría un incumprimento dos límites da regra de gasto previstos no artigo 12 da LO 2/2012, que determina que “A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española”. Esta última circunstancia implicaría a necesidade de que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aprobase un Plan de Axuste ó sobrepasar o teito de gasto.

Por outra banda, hai que ter en conta que non tería sentido modificar o contrato se coa modificación non se garante a viabilidade da concesión. Este aspecto é obxecto de análise no informe da consultora SEIXAS (apartado 5- páxinas 34-39), segundo o cal, para acadar a viabilidade da concesión, sería necesario adoptar tres liñas de actuación:

- Mellorar os resultados operativos na concesión. Para acadar este obxectivo propón medidas para aumentar o número de usuarios e os ingresos, e para reducir os custos operativos, especialmente necesario no caso da Avenida de Castela, que ten un EBITDA negativo.
- Non executar Rosalía I e deixar en suspenso o remate das obras de Rosalía II, porque a súa execución agravaría o problema.
- Modificar a situación financeira na concesión, con achegas que completen as entradas e saídas dos fluxos de caixa e equilibren a tesourería.

-VI-

Procede a continuación analizar o procedemento de modificación dos contratos.

En uso do *ius variandi*, o órgano de contratación poderá introducir libremente as modificacións que tiña por conveniente, previa audiencia do contratista e sen prexuízo das responsabilidades e indemnizacións que resulten procedentes no seu caso (artigo 114.2 TRRL), sempre que estas obedezan a razóns de interese público, e se cumpran estes dous requisitos:

- Que non se formule oposición por parte do contratista.
- Cando a contía das modificacións do contrato, illada ou conxuntamente, sexa inferior a un 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.

En caso contrario, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva (artigos 59.3 e 249.2 LCAP e 114.2 e 3 TRRL).

O artigo 101.1 LCAP matiza que, unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razón de interese público, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, impondo a obriga de xustificalo debidamente no expediente (no mesmo sentido, artigo 240.1 en relación ó contrato de concesión de servizo público).

Respecto os requisitos específicos esixidos para a modificación do presente tipo de contrato, concesión de servizo público, a lei só esixe que cando as modificacións afecten ó réxime financeiro do contrato, a Administración compense ó contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato (artigo 163.2 LCAP e 127.2.2.a RS).

É dicir, o potestade de modificación unilateral da Administración o *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais:

1. *A previa audiencia do contratista.*
 2. *O informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando a contía das modificacións do contrato superen nun 20 por 100 o prezo primitivo do contrato, sendo este igual o superior a 6.010.121,04 euros.*
 3. *A obriga de xustificar no expediente que a modificación pretendida sexa debida a necesidades novas ou causas imprevistas.*
 4. *Valorar a repercusión e efectos nos gastos ou ingresos públicos municipais presentes ou futuros da modificación proposta, e supeditala ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7 LO 2/2012).*
 5. *A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP).*
- *Limites materiais: as modificacións que impliquen unha variación do prezo do contrato en contía superior ó 20 % do seu importe necesitan a aceptación expresa do contratista.*
- *Limites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.*

Con respecto ó cumprimento dos límites procedimentais, temos que sinalar que:

1. *Unha vez aprobada polo órgano de contratación a resolución de inicio do expediente de modificación e a proposta de modificación, foi evacuado trámite de audiencia ó contratista, que formulou alegacións en defensa dos seus dereitos, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de agosto de 2015 (artigo 84 LRJAP).*
2. *En función da variación do prezo do contrato que implique a presente modificación, e unha vez evacuado trámite de audiencia ó contratista e aprobada a modificación pola XGL, deberá ser sometida á ditame do Consello Consultivo de Galicia.*
3. *A modificación é debida a circunstancias novas e imprevistas. A circunstancia nova é a entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, aprobada con posterioridade a perfección do contrato que nos ocupa, e de obrigado cumprimento para todas as Administracións públicas. Este contrato preparouse e adxudicouse en anos de bonanza económica. Nese intre, nada presaxiaba a crise económica na que a estado sumida a economía a escala mundial nos últimos anos. A crise disparou o déficit das administracións públicas españolas, tanto a nivel autonómico como local, o que levou ó lexislador estatal a aprobación da citada lei para evitar un endebedamento excesivo das mesmas que puidera desembocar na súa quebra. E a circunstancia imprevista é a declaración de concurso da sociedade instrumental creada pola concesionaria para a xestión deste contrato. De non modificar o contrato para garantir a súa continuidade, o concurso remataría coa liquidación da concesionaria. Esta circunstancia acarrearía a resolución do contrato e a súa posterior liquidación. Para liquidar o contrato, tal e como se expuxo no fundamento xurídico V, é preciso aboar ó contratista ó valor das obras executadas e o lucro cesante. Esta indemnización, pola súa elevada contía, impediría a Administración municipal o*

cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira recollidos na citada lei. Neste contexto, a modificación garante a continuidade do contrato e evita os graves danos que acarrearía á facenda municipal á liquidación desta sociedade e a resolución da concesión.

- 4. A repercusión da modificación nos gastos e ingresos municipais é valorada no informe do Interventor municipal, de data 12 de maio de 2015. A proposta que se formula para reequilibrar o contrato se move dentro dos obxectivos de estabilidade presupostaria e de regra de gasto previstos nos artigos 11 e 12 da LO 2/2012 (apartado V.- Estabilidade orzamentaria prevista).*
- 5. Nos fundamentos xurídicos III e V motivase a modificación pretendida.*

Con carácter previo á determinación do cumprimento dos límites materiais é preciso determinar a variación do prezo do contrato que implicaría esta modificación. Establece ó respecto o informe da consultora SEIXAS que “De se realizaren estes cambios, modificaríase o importe previsto no PEF do contrato de xestión do servizo público. Sobre o importe orixinal, que era dun total de 242.030.736 €, prodúcese un dobre efecto:

- Por unha banda redúcese, posto que a supresión do estacionamento de Rosalía I representaba o 47% do ingreso previsto no PEF, por importe de 112.831.442 €.*
- Por outra banda aumenta, pola proposta de achegas do Concello de Vigo por importe de 6.400.000 €.*

O efecto conxunto de ambos importes representaría un ingreso total previsto de 135.599.294 €, que implica unha redución verbo do ingreso orixinal do 43,97%.

A suspensión temporal do estacionamento Rosalía II, no caso de que fora definitiva, implicaría unha perda sobre o ingreso orixinal previsto no PEF de 2.680.022 €, o que implicaría unha redución sobre o total do ingreso orixinal do 1,10%, que sumado aos anteriores representarían un total do 45,07%” (apartado 5.4-páxina 39).

Dado que a porcentaxe de variación do prezo do contrato é superior ó 20 % do prezo inicial, resultaba preciso que o contratista, no trámite de audiencia que evacúoselle, prestase a súa conformidade á presente modificación, como así aconteceu no citado escrito de alegacións de data 6 de agosto de 2015.

Con relación ós límites económicos, a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña, deriva da súa obriga de manter o equilibrio económico da concesión, mantendo indemne ó concesionario das modificacións que, por razóns de interese público, introduza no contrato (artigos 163.2 LCAP e 127.2.2.a RS). De acordo co informe de Seixas (apartado 5) citado no fundamento xurídico anterior, o mantemento do equilibrio económico da concesión implica outorgar á concesionaria unha subvención de explotación de 1.600.000 € anuais entre os anos 2016 e 2019, ambos inclusive.

Como contrapartida, o concesionario deberá renunciar a reclamar ningunha cantidade á Administración municipal en concepto de lucro cesante polo aparcadoiro que deixa de construír e explotar. O informe Seixas, con respecto ó lucro cesante, determina que “Visto o

PEF orixinal, o VAN de Rosalía I é de 1.235.000 € e o VAN de Rosalía II é de 487.000 €, polo que definimos o lucro cesante, no caso de non posta en explotación de ambos aparcamentos, coma 1.722.000 € verbo dese PEF” (apartado 5.4-páxina 40)”. Consecuentemente co exposto, no acordo de incoación do expediente de modificación estableceuse como condición suspensiva da tramitación do mesmo, entre outras, que a concesionaria renunciase expresamente a reclamar o lucro cesante.

Hai que ter en conta, aínda que o TRLCAP non recolle expresamente esta circunstancia, que a modificación non pode alterar as condicións esenciais do contrato, cosa que non acontece no presente, pois do contrario sería preciso proceder a unha nova licitación do contrato. Esta regra resulta de aplicación por imperativo da aplicación da normativa comunitaria. Neste senso, a STJUE de 15 de outubro de 2009, insiste nesta idea ó dicir que “toda modificación substancial dun contrato obrigaría a proceder a una licitación” (apartado 62). A modificación non altera as condicións esenciais do contrato pois o seu obxecto segue sendo a construción polo concesionario de aparcadoiros en determinadas rúas da cidade percibindo como contraprestación o dereito a explotación económica dos mesmos. Unicamente reducese o mesmo de tres a dous aparcadoiros.

Así mesmo, a modificación que nos ocupa respecta ó principio de proporcionalidade (positivizado na actualidade no artigo 107.2 do TRLCSP), consonte ó cal a modificación deberá limitarse ó estrictamente imprescindible para responder á causa obxectiva que a motiva. No presente caso, a modificación se limita a reducir ó obxecto da concesión para facela viable, tal e como resulta dos citados informes económicos que obran no expediente.

E a hora de reequilibrar o contrato por mor da redución do seu obxecto, fíxanse obrigas para as dúas partes do contrato. A Administración comprométese a outorgar á concesionaria unha subvención de explotación de 1.600.000 € anuais entre os anos 2016 e 2019, e esta renuncia a reclamar 1.722.000 € en concepto de lucro cesante e achegou 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A. De este modo posibilitase a viabilidade financeira da concesión, e evítanse os danos que acarrearía a facenda municipal a resolución do contrato e protexese o interese público de prestar o servizo público de aparcadoiro en determinadas zonas da cidade.

Á vista do calado das modificacións propostas, resulta necesario que o concesionario presente un novo estudo económico financeiro da concesión, concedéndoselle ó efecto un prazo dun mes a contar dende a aprobación definitiva da modificación obxecto da presente proposta.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 59.1 LCAP e 114.3 TRRL). Será precisa a formalización da resolución de modificación, nos termos do artigo 54 LCAP (artigo 101.2 LCAP).

-VII-

Como xa se ten dito ó longo do presente informe, a sociedade instrumental creada pola concesionaria para a xestión da concesión, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., foi declarada en concurso voluntario en auto de data 23 de xaneiro de 2015, do xulgado do mercantil número 2 de A Coruña.

A nosa lexislación contractual, tendo en conta a importancia para o interese público de que continúe con normalidade a prestación do servizo de que se trata, en caso de declaración

de concurso dun contratista da Administración, non impón a resolución inmediata do contrato, senón que concede a Administración a potestade de optar entre a resolución do contrato ou o seu mantemento, se ben, de optar por esta última solución imponse a esixencia de garantía o contratista da continuidade na execución do contrato.

Así, se ben o artigo 111 do TRLCAP recolle entre as causas de resolución do contrato, no seu apartado b), "A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento", o apartado 7 do artigo 112 da mesma lei determina que "en caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquela para a súa execución", concedendo a Administración un amplo marxe de discrecionalidade para valorar a suficiencia desta garantía e sen especificar en que consiste. En uso desta facultade, a Xunta de Goberno Local, na resolución adoptada ó ter coñecemento da situación de concurso de acredores de COCHERAS, en data 26 de marzo de 2015, optou por continuar coa xestión da concesión, se ben incrementando o control do servizo xestor sobre o funcionamento do servizo, para garantir o correcto funcionamento do mesmo.

O órgano de contratación, tendo presente, por unha banda, que a apertura da fase de liquidación no procedemento concursal implicaría a resolución automática do contrato, e por outra que, de producirse esta circunstancia, acarrearía graves prexuízos á facenda municipal, ademais de que non se garantiría a continuidade na prestación do servizo público de aparcadoiro nos outros aparcamentos que forman este lote, acordou, en resolución de data 26 de xuño de 2015, incoar procedemento de modificación do contrato. No entanto, este acordo someteuse á condición suspensiva de finalización do procedemento concursal sen liquidación de COCHERAS (punto 5º), así como o cumprimento dos seguintes requisitos pola concesionaria (punto 2º):

- 1. Levar ó contrato a unha situación de cumprimento, con relación os seus compromisos de financiamento de conformidade co contido da súa oferta "sobre 2 tomo 0 ; 3.2 Detalle de las fuentes de financiación", consonte requiríuselle no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 17 de abril de 2015.*
- 2. Incrementar o capital social de COCHERAS OLÍVICAS ata a cifra prevista no artigo 5 dos seus Estatutos Sociais, o 10% do custo do investimento directo na concesión.*
- 3. Achegar a contía de 1.675.000 euros para solventar a situación de falta de liquidez de tesourería de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A, que posibilite a viabilidade financeira da concesión.*
- 4. Renunciar ao lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato, por mor da non construción do aparcadoiro de Rosalía de Castro I, que se cifra, segundo o exposto no fundamento xurídico VI, en 1.722.000 euros.*

D. Constantino Seara Seara, en nome e representación de PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., e COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., presentou escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de novembro de 2015, no que manifesta:

1. A conclusión do concurso de acredores de COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., decretada en auto do Xulgado do Mercantil 2 de A Coruña, de data 19 de novembro de 2015.
2. O cumprimento dos requisitos previos para a continuación da tramitación da modificación relativos a:
 - Capital social. Para dar cumprimento os requisitos 1 e 2 do punto 2º do acordo da XGL de 26.06.2015 aumentouse o capital social de COCHERAS A 4.130.089. Extremo que acreditase con copia da escritura pública de elevación a público do acordo social de ampliación de capital.
 - Tesourería. Acredita a achega de 1.675.000 euros á tesourería de COCHERAS axuntando copias compulsadas da escritura da constitución de préstamo participativo por PUENTES e COCHERAS, en data 25 de novembro de 2015, así como do movemento bancario que acredita a transferencia desta cantidade nunha conta corrente de COCHERAS.
 - Renuncia ó lucro cesante que deixará de percibir como consecuencia da modificación do contrato e que se cifra, segundo o citado acordo en 1.722.000 euros.

Comprobados estes extremos non hai dúbida do cumprimento polo concesionario dos requisitos esixidos para a modificación do contrato, polo que procede acordar á mesma.

-VIII-

A competencia para a acordar a modificación dun contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

A proposta de modificación, deberá ser aprobada polo órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), e o posterior acordo, deberá ser sometido a ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 101 LCAP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Tomar coñecemento da proposta de modificación do contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade. As modificacións consistirán en:

1. Excluir do seu obxecto a construción e explotación dun aparcadoiro de uso mixto na Rúa Rosalía de Castro.
2. Configurar o aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro denominado “de residentes” anexo ó aparcadoiro citado no punto anterior, como un aparcadoiro independente de uso mixto.
3. Suspende a execución das obras de Rosalía II durante un prazo máximo de 10 anos, que se computará dende o día seguinte ó da formalización da presente modificación. Durante este prazo, se se alterasen as condicións de demanda actuais, e esta se incrementase ata un nivel que fíxese rendible a

explotación do aparcadoiro, a concesionaria podería solicitar a reanudación das obras, previa xustificación deste extremo, así como de que a construción do mesmo non xerará o desequilibrio económico da concesión no PEF vixente nese momento. Transcorrido este prazo, se o concesionario non acreditou este cambio de circunstancias, se entende que renuncia á construción do aparcadoiro, pasando a ser de titularidade municipal a estrutura xa construída.

2º.- Por imperativo do previsto no artigo 163 do TRLCAP, o Concello deberá compensar ao contratista para que manteña o equilibrio económico da concesión tendo en conta os supostos económicos que foron tidos en conta na adxudicación do contrato. En consecuencia co anterior, tomando en consideración os informes técnicos que figuran no expediente, unha vez firme o acordo de modificación do contrato, a compensación económica será de 1.600.000 euros anuais a aboar entre os anos 2016 e 2019, ambos inclusive, de acordo co exposto no fundamento xurídico VI do corpo deste escrito. A achega anual aboarase no primeiro trimestre do ano correspondente.

3º.- Requirir á concesionaria a presentación dun novo plan económico-financeiro da concesión que contemple a situación do contrato unha vez acordada a modificación, no prazo de dous meses a contar dende a aprobación definitiva da modificación obxecto da presente proposta.

4º.- Previamente á adopción do acordo de modificación, remitir o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de ditame preceptivo, de conformidade co previsto no artigo 102.1 da Lei 30/1992 e na Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

5º.- Comunicar aos interesados que o prazo de resolución do presente expediente queda suspendido ao abeiro do disposto no artigo 42.5.c da Lei 30/1992”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(186).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA C.D. BOSCO COMO ENTIDADE DE ÉLITE DE VIGO POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2015-2016. EXPTE. 14876/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/02/16 e o informe de fiscalización do 25/02/16, dáse conta do informe-proposta do director deportivo-xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“Atendendo á instrucción de data 26/01/2016 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade C.D. Bosco polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.

Iniciadas as dilixencias previas á tramitación do expediente de subvención nominativa a favor da entidade C.D. Bosco polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016, o Director Técnico da área de deportes, co VºBo do Tesoureiro do Concello de Vigo, emite con data 03/02/2016, un informe en contestación á solicitude da Concellería de Deportes sobre as posibles débedas vinculadas coa utilización de instalacións deportivas municipais. O documento acredita que a entidade C.D. Bosco atópase pendente do pago por diversos usos deportivos das instalacións deportivas municipais por importe de 10.836,04€.

Tras a comunicación da débeda á entidade C.D. Bosco, se procede a informar que:

- Na actualidade xa se atopa moi avanzada a tempada deportiva sobre a cal está fundamentado o obxecto da subvención que se tramita polo presente expediente.*
- No desenvolvemento da tempada deportiva 2015/16 iniciada o pasado mes de setembro e que finaliza en maio, esta entidade deportiva ten a obriga da execución de todos os gastos vinculados o desenvolvemento deportivo da competición na cal atópase inscrita, e de maneira extraordinaria é importante significar, que a situación de crise económica xera unha importante diminución dos recursos propios, e consecuentemente da capacidade de liquidez para afrontar en tempo e prazo todas as necesidades económicas vinculadas a proxectos deportivos de élite, o que leva implícito unha desviación da previsión inicial da entidade.*

Atendendo ás causas expostas, e tendo en conta que as mesmas describen unha situación de extraordinariedade, a xuízo do técnico que subscribe o presente informe proposta, considérase a necesidade de atopar unha solución que posibilite o obxecto da subvención, que non é outro, que colaborar economicamente para a afrontar os gastos obrigatorios que ten unha entidade deportiva para desenvolver un proxecto de transcendencia para o deporte local, como o propio dun equipo na élite da súa disciplina deportiva. Polo tanto, en relación á subvención obxecto deste expediente, debemos destacar que a entidade beneficiaria podería presentar para a xustificación da mesma, entre outros moitos gastos, os gastos dos custes das instalacións deportivas nas cales desenvolve a súa actividade.

Ademáis, tendo en conta a situación evidenciada, e tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, admitiranse como gastos subvencionables os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade obxecto do convenio e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Club Deportivo Bosco conta cun equipo de élite na modalidade de Baloncesto na

categoría Liga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Liga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Club Deportivo Bosco e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio,

para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Club Deportivo Bosco para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. Bosco para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, coa excepcionalidade de que na súa resolución, se adecúe o pago do importe contemplado como subvención para poder liquidar en primeiro lugar a débeda que actualmente ten a C.D. Bosco co Concello de Vigo pola utilización de instalacións deportivas municipais por importe de 10.836,04€.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Club Deportivo Bosco durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: *Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Bosco para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría Liga Feminina 2 na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.*

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 84.500,00€. a favor da entidade Club Deportivo Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na rúa Condesa Casa Bárcena, 9, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14876/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 10.836,04€ serán abonados directamente ó Concello de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade C.D. Bosco polos usos de instalacións deportivas municipais da entidade.
- 73.663,96€ serán abonados directamente a entidade C.D. Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na rúa Condesa Casa Bárcena, 9, en Vigo,, mediante transferencia bancaria.

TERCEIRO: *Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO BOSCO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPTE. 14876/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don/a Francisco Araújo Sestelo como presidente da entidade Club Deportivo Bosco CIF: G-36692317 e enderezo social na rúa Condesa Casa Bárcena, 9, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14876/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Club Deportivo Bosco conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Club Deportivo Bosco desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Deportivo Bosco impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Baloncesto en etas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.05 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 84.500,00€, a favor da entidade deportiva Club Deportivo Bosco.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Club Deportivo Bosco na tempada deportiva 2015/2016.

VI.- Que a entidade Club Deportivo Bosco non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14876/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo Bosco o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo Bosco comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Baloncesto na tempada 2015/2016.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Bosco na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Bosco (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo Bosco unha subvención por importe de 84.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.05 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado

deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

O Alcalde de Vigo.

O Presidente do Club Deportivo Bosco

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo. Francisco Araújo Sestelo

5(187).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB XUVENIL DE TEIS COMO ENTIDADE DE ÉLITE DE VIGO POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2015-2016. EXPTE. 14896/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/02/16 e o informe de fiscalización do 25/02/16, dáse conta do informe-proposta do 05/02/16, do director deportivo-xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“Atendendo á instrucción remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade C.D. Xuvenil de Teis polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis conta cun equipo de élite na modalidade de Voleibol na categoría SuperLiga Feminina 2. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría SuperLiga Feminina 2 hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade C.D. Xuvenil de Teis e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da*

poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade C.D. Xuvenil de Teis para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo

para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade C.D. Xuvenil de Teis durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría SuperLiga Feminina 2 na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 30.000,00€. a favor da entidade C.D. Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14896/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE C.D. XUVENIL DE TEIS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPTE. 14896/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade C.D. Xuvenil de Teis CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14896/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis conta cun equipo de élite que participa na categoría SuperLiga Feminina 2 desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade C.D. Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Voleibol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.11, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.000,00€, a favor da entidade deportiva C.D. Xuvenil de Teis.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade C.D. Xuvenil de Teis na tempada deportiva 2015/2016.

VI.- Que a entidade C.D. Xuvenil de Teis non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14896/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade C.D. Xuvenil de Teis o Concello

de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade C.D. Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Voleibol na tempada 2015/2016.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade C.D. Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade C.D. Xuvenil de Teis (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade C.D. Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 30.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.11 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance

que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

O Alcalde de Vigo.

A Presidenta do C.D. Xuvenil de Teis

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo. Ruth Calvo Ferrer"

6(188).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA S.D. OCTAVIO COMO ENTIDADE DE ÉLITE DE VIGO POLA DINAMIZACIÓN DO SU PROXECTO DEPORTIVO DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2015-2016. EXPTE. 14875/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 05/02/16 e o informe de fiscalización do 25/02/16, dáse conta do informe-proposta do 05/02/16, do director deportivo-xefe da unidade técnico-deportiva, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

"Atendendo á instrucción de data 26/01/2016 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade S.D. Octavio Vigo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016.

Iniciadas as dilixencias previas á tramitación do expediente de subvención nominativa a favor da entidade S.D. Octavio Vigo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2015/2016, o Director Técnico da área de deportes, co VºBo do Tesoureiro do Concello de Vigo, emite con data 03/02/2016, un informe en contestación á solicitude da Concellería de Deportes sobre as posibles débedas vinculadas coa utilización de instalacións deportivas municipais. O documento acredita que a entidade S.D. Octavio Vigo atópase pendente do pago por diversos usos deportivos das instalacións deportivas municipais por importe de 10.740,30€.

Tras a comunicación da débeda á entidade S.D. Octavio Vigo, se procede a informar que:

- Na actualidade xa se atopa moi avanzada a tempada deportiva sobre a cal está fundamentado o obxecto da subvención que se tramita polo presente expediente.*
- No desenvolvemento da tempada deportiva 2015/16 iniciada o pasado mes de setembro e que finaliza en maio, esta entidade deportiva ten a obriga da execución de todos os gastos vinculados o desenvolvemento deportivo da competición na cal atópase inscrita, e de maneira extraordinaria é importante significar, que a situación de crise económica xera unha importante diminución dos recursos propios, e consecuentemente da capacidade de liquidez para afrontar en tempo e prazo todas as necesidades económicas vinculadas a proxectos deportivos de élite, o que leva implícito unha desviación da previsión inicial da entidade.*

Atendendo ás causas expostas, e tendo en conta que as mesmas describen unha situación de extraordinariedade, a xuízo do técnico que subscribe o presente informe proposta, considérase a necesidade de atopar unha solución que posibilite o obxecto da subvención, que non é outro, que colaborar economicamente para a afrontar os gastos obrigatorios que ten unha entidade deportiva para desenvolver un proxecto de transcendencia para o deporte local, como o propio dun equipo na élite da súa disciplina deportiva. Polo tanto, en relación á subvención obxecto deste expediente, debemos destacar que a entidade beneficiaria podería presentar para a xustificación da mesma, entre outros moitos gastos, os gastos dos custes das instalacións deportivas nas cales desenvolve a súa actividade.

Ademáis, tendo en conta a situación evidenciada, e tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, admitiranse como gastos subvencionables os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade obxecto do convenio e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva S.D. Octavio conta cun equipo de élite na modalidade de Balonmán na categoría División de Honra Prata. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra Prata hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2015/2016, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade S.D. Octavio e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*

- *O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- *Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade S.D. Octavio para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade SD Octavio Vigo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, coa excepcionalidade de que na súa resolución, se adecúe o pago do importe contemplado como subvención para poder liquidar en primeiro lugar a débeda que actualmente ten a SD Octavio Vigo co Concello de Vigo pola utilización de instalacións deportivas municipais por importe de 10.740,30€.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2016, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade S.D. Octavio durante a tempada deportiva 2015/2016, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva S.D. Octavio para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría División de Honra Prata na tempada deportiva 2015/2016 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 114.500,00 €. a favor da entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907304 e enderezo social na rúa Castrelos, 1, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14875/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento.

Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 10.740,30€ serán abonados directamente ó Concello de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade S.D. Octavio polos usos deportivos de instalacións municipais da entidade.*
- 103.759,70€ serán abonados directamente a entidade S.D. Octavio co CIF: G-36907384 con enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo, mediante transferencia bancaria.*

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE S.D. OCTAVIO VIGO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2015/2016 (EXPT. 14875/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Javier Rodríguez López como presidente da entidade S.D. Octavio CIF: G-36907384 e enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 14875/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade S.D. Octavio conta cun equipo de élite que participa na categoría División de Honra Prata desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade S.D. Octavio desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2015/2016.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade S.D. Octavio impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Balonmán en etas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxen deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.06, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 114.500,00€, a favor da entidade deportiva S.D. Octavio.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade S.D. Octavio na tempada deportiva 2015/2016.

VI.- Que a entidade S.D. Octavio non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 14875/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade S.D. Octavio o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade S.D. Octavio comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...
- ...

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Balonmán na tempada 2015/2016.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade S.D. Octavio na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade S.D. Octavio (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade S.D. Octavio unha subvención por importe de 114.500,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.06 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2015/2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2015/2016, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do

xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2015/2016. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2015/2016, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2016.

O Alcalde de Vigo.

O Presidente da S.D. Octavio

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo. Javier Rodríguez López”

7(189).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO XVII TROFEO CIDADE DE MOUNTAIN BIKE ENDURO-VBC, O VINDEIRO 6 DE MARZO DE 2016. EXPTE. 14825/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 29/02/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admon. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade Singletrack Outdoor Sports, con CIF (G36850378), solicitou o día 30-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150154120), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XVII Trofeo Cidade de Mountain Bike Enduro-VBC
- Data: 6 DE MARZO DE 2016
- Horario: 08.00h A 14.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 6 de marzo de 2016; esta proba comenza ás 08.00h rematando ás 14.30h, o trofeo se levará a cabo non montes de Coruxo en Fragoselo.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Comunidade de Montes Veciñais de Coruxo
- Protección civil

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Singletrack Outdoor Sports, con CIF (G36850378), a organizar o vindeiro domingo 6 de marzo de 2016, a proba denominada **XVII TROFEO CIDADE DE MOUNTAIN BIKE ENDURO-VBC**; a proba deportiva comezará ás 08.00h e rematará as 14.30h, toda a proba discorrerá polos Montes Veciñais de Coruxo.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO XXVII CROSS ESCOLAR PÁRROCO DON CAMILO, O VINDEIRO 6 DE MARZO DE 2016. EXPTE. 14693/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 01/03/16, do director deportivo-xefe da ud. técnico-deportiva, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

A entidade ANPA PARROCO DON CAMILO, con CIF (G36643500), solicitou o día 27-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150153014), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XXVII CROSS ESCOLAR PÁRROCO DON CAMILO

- *Data: 6 DE MARZO DE 2016*
- *Horario: 10.00h A 13.30h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 6 de marzo de 2016; esta proba comenizará ás 10.00h e rematará ás 13.30h e transcurrira pola estrada de Matamá Pazo entre outras.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á ANPA PARROCO DON CAMILO, con CIF (G36643500) a organizar o vindeiro domingo 6 de marzo de 2016, a proba denominada XXVII CROSS ESCOLAR PARROCO DON CAMILO; esta proba deportiva comenizará ás 10.00h e se levará a cabo pola estrada Matamá Pazo e outras, rematando ás 13.30h."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(190).- HORAS FESTIVAS REALIZADAS POLO PERSOAL DO SERVIZO DE VIGOZOO EN DATAS 24/25 DE DECEMBRO 2015 E 31 DE DECEMBRO/1 DE XA-NEIRO DE 2016. EXPTE. 27730/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/02/16, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH, conformado pola xefa de RR HH e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Con data 2 de febreiro de 2016, o director de Réxime Interior do servizo de Vigo-Zoo, remite a este servizo de Recursos Humanos o persoal que traballou os días 24, 25 e 31 de decembro de 2015 e 1 de xaneiro 2016.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos actualmente vixente, no seu apartado cuarto, letra d), establece que o persoal que traballa entre as 22'00 horas do día 24 de decembro e as 15'00 horas do día 25 decembro e, no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro por necesidades do servizo, aboaráselle como compensación unha cantidade de 130'29 €/día, segundo a redacción dada no artº 16.B).a) do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao Servizo do Concello de Vigo e o acordo do Pleno da Corporación de 31 de marzo de 2006.

No escrito do servizo de Vigo-Zoo, figura relación do persoal e datas nas que se prestou servizo e que dan lugar ao aboamento da gratificación contida nas instrucións citadas (24, 25 e 31 de decembro de 2015 e 1 de xaneiro 2016).

As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sin que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en periodos sucesivos.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias

non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Ley 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

A C O R D O :

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro de 2015, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2015 e 1 de xaneiro de 2016 ao persoal do servizo de Vigo-Zoo, fundamentada no informe emitido polo director de Réxime Interior de data 2 de febreiro de 2016, acreditativa e motivadora da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, segundo o recollido na Instrucción Cuarta apartado d) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran no referido listados–e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacions”, por importe total de 1.042,323 €, segundo a seguinte distribución por servizo:

Nº PERSOAL	APELIDOS E NOME	DIA 24/25	DIA 31/01	IMPORTE
83276	González Álvarez, M ^a Cristina	130,29 €	130,29 €	260,58 €
83275	Pesqueira Cameselle, Xosé Manuel	130,29 €	130,29 €	260,58 €
83289	Blanco Pereira, Francisco Luis	130,29 €		130,29 €
83282	Rodríguez Lestón, José Manuel		130,29 €	130,29 €
83290	Soliño Hermelo, José Antonio		130,29 €	130,29 €
83278	Ramos Martínez, Iván Julio	130,29 €		130,29 €
TOTAIS.....		521,16 €	521,16 €	1.042,32
.....				

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por gratificacións durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(191).- REESTRUCTURACIÓN ORGANIZATIVA E FUNCIONAL DOS SERVIZOS XURÍDICOS MUNICIPAIS, SERVIZO DE TENENCIA, SERVIZO DE CONTRA-

TACIÓN E INCORPORACIÓN DE SERVIZO DE NOVA CREACIÓN NA ÁREA DE FOMENTO. EXPTE. 27399/220.

Dáse conta do informe-proposta do 01/03/16, da xefa de RR HH, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En instrucción do servizo de data 16/12/2015 o Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal acordou:

“Ordenar que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda, con carácter urxente, á tramitación administrativa de expediente tendente á reestructuración organizativa e funcional dos seguintes servizos:

- *Asesoría Xurídica Municipal,*
- *Área de Fomento e Contratación,*
- *Proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 07/12/2015, para a creación da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, racionalizando o posto de xefatura do servizo de Tenencia en xefatura da Área indicada.*

Ditas reestructuracións, sobre as que existen propostas dos servizos e concellerías respectivos, se concretan nas modificacións organizativas e funcionais da vixente Relación de Postos de Traballo seguintes, con respecto ás cales, e unha vez analizadas por esta Concellería, deberán realizarse nos termos e condicións seguidamente indicados,

- *Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a de Negociado da Asesoría Xurídica” en posto de “Xefatura de Oficina da Asesoría Xurídica Municipal” asignándolle o C.E. Código 305.*
- *Creación da Área de Asesoramento Xurídico na Asesoría Xurídica Municipal, e reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Servicio Recursos Asesoramento”, C.D. 28, C.E. Cód. 625, pasando a ser un posto de traballo de “Letrado/a-Xefe/a de Asesoramento”, C.D. 28, debendo procederse á creación dun novo código retributivo, o código 620, dotado cun total de 34.480,04 euros anuais.*
- *Creación da Área Xudicial na Asesoría Xurídica Municipal, e reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Servicio Contencioso”, C.D. 28, C.E. Cód. 625, en un posto de traballo de “Xefe/a Área Xudicial”, C.D. 28, C.E. 615.*
- *Reconfiguración do posto de traballo de “Adxunto/a Xefe/a Servicio Contencioso” C.D. 28, C.E. Cód. 660, no posto de “Letrado/a Especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil” C.D. 28, C.E. 640.*
- *Homoxeneización dos postos de traballo de “Letrado-Asesor” e “Asesor Xurídico Adxunto” baixo a común denominación de “Letrado-asesor xurídico” con asignación de nivel de C.D. 28, C.E. Cód. 680.*
- *Creación do Servizo administrativo e de control orzamentario na Área de Fomento, e reconfiguración do posto de traballo de técnico/a de xestión existente na Área de Fomento , que pasará a ser a “Xefe/a do Servizo administrativo e de control*

orxamentario" na Área indicada, con nivel de complemento de destino 28/26 e nivel de complemento específico 640, (análogo á xefatura do servizo de electromecánicos existente na dita Área) sendo de adscripción indistinta un funcionario/a encadrado no subgrupo A1 ou A2.

- Reconfiguración do posto de traballo de "Xefe/a Contratación" , que pasará a ser "Xefe/a do Servizo de Contratación", con nivel de CD 28, nivel de CE 625.
- Creación da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, incardinada dentro da área de Goberno de Xestión Municipal, e reconfiguración do posto de traballo existente de "Xefe/a do Servizo de Tenencia "en "Xefe/a da Área de Xestión Patrimonial e Territorial", con idéntico nivel de C.D. E nivel de C.E. 615.

O que se lle comunica aos efectos oportunos, indicándoselle a máxima prioridade na tramitación do expediente que proceda."

2.- Ao dito expediente se acompañan os documentos técnicos organizativos seguintes, contendo a motivación e a análise das modificacións propostas, e tomados como referencia pola concellería-delegada da Área de Xestión Municipal:

Proposta organizativa da Asesoría Xurídica Municipal (expediente nº 9387/111)

Proposta de modificación da relación de postos de traballo na Área de Fomento e Contratación.

Proposta da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 07/12/2015, para a creación da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, racionalizando o posto de xefatura do servizo de Tenencia en xefatura da Área indicada.

3.- Tramitado o expediente administrativo con plena suxeición ao preceptuado na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC) e tendo sido emitido informe de fiscalización previa, en data 21/12/2015 emítase ampliación de informe no cal literalmente se indica que:

"Visto o informe de fiscalización previa emitido pola Intervención Xeral Municipal en data 21/12/2015, pola presente e nos termos do establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro infórmase o seguinte:

-Os criterios seguidos aos efectos da cuantificación dos novos complementos específicos propostos toman como referencia os complementos existentes e vixentes na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, por analogía no suposto das xefaturas de Área existentes no Concello, que dispoñen do C.E. 615, dado o seu carácter transversal na organización e dada a ausencia de singularización dos ditos postos de traballo segundo as vixentes guías de funcións dos postos anexas á RPT. Tampouco existe desagregación factorial ou asignación reglada xeral de puntos porcentuais na configuración das retribucións complementarias dos postos de traballo no ámbito do Concello de Vigo, sen prexuízo de que poda resultar recomendable abordar un estudo exhaustivo, calendarizado a través de un plan de recursos humanos de carácter plurianual dado o elevado número de postos de traballo existentes, de cara á racionalización e modernización dos instrumentos internos de xestión da APT e VPT (análise e valoración de postos de traballo) con carácter global para a totalidade dos postos existentes na organización municipal.

Por tanto, o criterio utilizado para a determinación das áreas funcionais de nova creación é o da aplicación analóxica das retribucións complementarias asignadas pola RPT ás restantes xefaturas de área existentes no Concello de Vigo, a excepción da xefatura de asesoramento xurídico, de nova creación, e de carácter intermedio, ao depender formal, xerárquica e organizativamente de órgano directivo municipal (Titular da Asesoría Xurídica Municipal) e carecer de autonomía o ámbito funcional no cal se incardina con respecto á globalidade dos servizos xurídicos, o que sí sucede respecto das restantes xefaturas de Área.

-En canto á oportunidade de creación das Áreas indicadas, por este Servizo indícase que a potestade de autoorganización que corresponde ás entidades locais ten sido exercida pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, no ámbito competencial que ten atribuído por Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, estimando, por parte deste Servizo, que da lectura do contido da documentación obrante no expediente administrativo a motivación da procedencia de creación dos ámbitos propostos, dende unha perspectiva estritamente organizativa e funcional, ten apoio e cobertura suficiente aos efectos requeridos no marco legal vixente, sendo unha necesidade urxente o redimensionamento e reestructuración de servizos de carácter eminentemente transversal, como son os servizos propostos, en xusta armonía coas necesidades funcionais dunha organización de envergadura e dimensións como é o Concello de Vigo.

Por tanto, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, emítase a presente ampliación de informe, remitíndose novamente á Intervención Xeral o expediente de referencia, aos efectos de que se fiscalice de conformidade ou se manifeste a disconformidade ao mesmo.

O cal se traslada aos efectos oportunos.”

4.- En data 23/12/2015 emítase informe preceptivo de fiscalización previa do gasto proposto, de carácter favorable e de conformidade á proposta de acordo efectuada, segundo redacción literal do mesmo, debendo indicarse que en data 07/01/2016 foi sometida a negociación colectiva cos sindicatos, segundo acta da mesma data incorporada ao expediente, sen que conste a presentación de alegacións ao respecto, segundo dilixencia do Secretario da Mesa de data 12/01/2016.

Obra incorporado ao expediente escrito asinado pola Presidencia do Comité de Persoal, presentado no Servizo de Recursos Humanos en data 13/01/2016, manifestando a conformidade co expediente tramitado, con remisión aos informes xurídico e de fiscalización emitidos ao mesmo.

5.-A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 15/01/2016, acordou:

“Primeiro.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede e da instrucción do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 16/12/2015, concretada nas modificacións seguintes:

- Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a de Negociado da Asesoría Xurídica” en posto de “Xefatura de Oficina da Asesoría Xurídica Municipal” asignándolle o C.E. Código 305.

- *Creación da Área de Asesoramento Xurídico na Asesoría Xurídica Municipal, e reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Servicio Recursos Asesoramento”, C.D. 28, C.E. Cód. 625, pasando a ser un posto de traballo de “Letrado/a-Xefe/a de Asesoramento”, C.D. 28, debendo procederse á creación dun novo código retributivo, o código 620, dotado cun total de 34.480,04 euros anuais.*
- *Creación da Área Xudicial na Asesoría Xurídica Municipal, e reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Servicio Contencioso”, C.D. 28, C.E. Cód. 625, en un posto de traballo de “Xefe/a Área Xudicial”, C.D. 28, C.E. 615.*
- *Reconfiguración do posto de traballo de “Adxunto/a Xefe/a Servicio Contencioso” C.D. 28, C.E. Cód. 660, no posto de “Letrado/a Especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil” C.D. 28, C.E. 640.*
- *Homoxeneización dos postos de traballo de “Letrado-Asesor” e “Asesor Xurídico Adxunto” baixo a común denominación de “Letrado-asesor xurídico” con asignación de nivel de C.D. 28, C.E. Cód. 680.*
- *Creación do Servizo administrativo e de control orzamentario na Área de Fomento, e reconfiguración do posto de traballo de técnico/a de xestión existente na Área de Fomento , que pasará a ser a “Xefe/a do Servizo administrativo e de control orzamentario” na Área indicada, con nivel de complemento de destino 28/26 e nivel de complemento específico 640, (análogo á xefatura do servizo de electromecánicos existente na dita Área) sendo de adscripción indistinta un funcionario/a encadrado no subgrupo A1 ou A2.*
- *Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Contratación” , que pasará a ser “Xefe/a do Servizo de Contratación”, con nivel de CD 28, nivel de CE 625.*
- *Creación da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, incardinada dentro da área de Goberno de Xestión Municipal, e reconfiguración do posto de traballo existente de “Xefe/a do Servizo de Tenencia “en “Xefe/a da Área de Xestión Patrimonial e Territorial”, con idéntico nivel de C.D. E nivel de C.E. 615.*

Segundo.- Acordar o sometemento a información pública por un prazo de 20 días, contados dende a data de aprobación, do presente expediente de modificación puntual da RPT, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, transcurrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non se plantexarse reclamacións, desplegando efectos económicos e administrativos o presente acordo unha vez remate o período indicado.

Terceiro.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento ás modificacións puntual acordada, con cargo á partida orzamentaria “Fondo de regularización retributiva”, nos termos do indicado nos apartados anteriores.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ás áreas e/ou servizos afectados, Xefaturas de Área de Concello de Vigo, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.”

6.- Sometido o expediente a información pública no taboleiro de edictos do Concello e BOP da provincia de Pontevedra en data 26/01/2016 por un prazo de 20 días hábiles, foron

presentadas en prazo as alegacións seguintes:

-Documento nº 160018545, presentado por Dámaso Pena González, secretario xeral do sindicato SICO.

-Documento nº 160018680, presentado polo funcionario municipal D. Manuel Ángel Córdoba Ardao, con nº de persoal 76.266, adscrito á Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios.

Non consta a presentación de alegacións fora de prazo.

7.- Das ditas alegacións deuse traslado en data 18/02/2016 ás Concellerías-delegadas das Áreas de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica e de Fomento e Contratación, así como á Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal, aos efectos de coñecemento e emisión de informe, se procedese; no último caso, incorpóranse ao expediente informes emitidos en data 26/02/2016 e recibidos no Servizo de Recursos Humanos o 29/02/2016.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-MARCO LEGAL XERAL.

-ARTIGO 74 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO:

“Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos”

- ARTIGO 202 DA LEI 2/2015, DE 29 DE ABRIL, DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA:

“1. Las entidades locales deberán elaborar una relación de puestos de trabajo que contenga todos los puestos de trabajo existentes en las mismas.

2. La relación de puestos de trabajo, previo cumplimiento de los trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente por el órgano de la entidad local que resulte competente según lo establecido por la legislación de régimen local y sometida a información pública por un plazo no inferior a veinte días. Transcurrido dicho plazo, la aprobación se elevará a definitiva si no se plantearon reclamaciones, sugerencias o alegaciones. En caso contrario, la relación de puestos de trabajo deberá ser objeto de aprobación definitiva, previa resolución de las reclamaciones, sugerencias o alegaciones presentadas.

3. Una vez aprobada definitivamente, de la relación de puestos de trabajo se remitirá copia a los órganos competentes de la Administración general del Estado y de la Administración general de la Comunidad Autónoma de Galicia dentro del plazo de treinta días, y será publicada íntegramente en el boletín oficial de la provincia.”

II.- ANÁLISE E CONTEXTUALIZACIÓN DAS ALEGACIÓN S PRESENTADAS DENDE A

ÓPTICA XURIDICA E TÉCNICO-DOUTRINAL DA XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DENDE A PERSPECTIVA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA DESENVOLTA NO CONCELLO DE VIGO.

A) Documento nº 160018545, presentado por Dámaso Pena González, secretario xeral do sindicato SICO: as alegacións presentadas poden resumirse no contido seguinte:

-A modificación supón a creación de novos postos de traballo que respostan a unhas denominacións, atribúllendoselles novas funcións, novas responsabilidades e un novo réxime retributivo, omitíndose calquer referencia ó sistema de provisión dos postos con carácter definitivo, con infracción do disposto nos arts. 37.1, 38.4.c e 88.1 LEPG, en correlación cos artigos 202 e 205 da mesma e arts. 73 e 74 Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, sendo obrigado que se teña establecido o réxime de provisión dos postos. Califica de "radicalmente contraria a la ley aplicable" (art. 92 LEPG) el sistema de "libre designación , de ser este el previsto.

-Sinala que non se aclara no expediente a solución xurídica para cubrir transitoriamente os postos, citando unha Sentencia da Sala do Contencioso-administrativo do TSX Cantabria, de data 09.11..2007.

-Indica asemade que non se razona no expediente de qué concretos vectores de avaliación dos que foron tidos en conta na valoración de 2010 resultan alterados coa nova reorganización.

-Indica que no expediente non se fixa a estrutura organizativa de natureza xerárquica que debe culminar na xefatura da área.

-Acaba solicitando se deixe sen efecto o expediente, en canto:

- Non se identifica a forma de provisión definitiva dos novos postos creados*
- Non se identifican os parámetros de valoración considerados para modificar os salarios*
- Non se especifica a relación de funcionarios, servizos e negociados que dependerían xerárquicamente dos postos singularizados creados*
- Non se especifican os requisitos de titulación*
- Non se xustifican os postos de traballo que serviron de comparación funcional cos postos transformados para presumir a identidade de funcións entre ambos, con infracción do art 137.2º LEPG*

En relación coa identificación da forma de provisión dos postos, debe salientarse que o art 74 TREBEP, aplicable como norma básica segundo arts 1 e 2 ás administracións das entidades locais, indica que "las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos". No mesmo senso, o artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, de aplicación no que proceda, nos termos do disposto no seu artigo 7, ás entidades locais galegas, de conformidade co artigo 4.1 da mesma, recolle a potestade de contemplar, ben a través da RPT ou doutro instrumento similar, unha relación, catálogo dos postos por parte

do Concello de Vigo.

A RPT do Concello de Vigo foi aprobada pola Xunta de Goberno Local no ano 2010, como ben coñece esa parte alegante, ao ter tido a condición de Presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo ata outubro do ano 2015, e, consecuentemente, parte activa na negociación colectiva, na súa condición adicional de Secretario do Sindicato SICO, lexitimado para a negociación colectiva nos termos da vixente Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical.

O dito instrumento de ordenación dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo foi negociado cos representación sindical dos empregados/as públicos municipais, como así consta nas actas das mesas xerais de negociación celebradas ao efecto e que se achegan ao presente expediente, no marco da cal foi adoptado un acordo puntual de valoración de postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación, tal e como se acordou en Mesa Xeral de negociación de data 18/08/2010, en atención ás reiteradas demandas sindicais ao efecto.

Por tanto, no presente expediente estanse a aplicar as avaliacións e conseguíntes retribucións xa existentes e predeterminadas para postos de análogo contido, xa valorados segundo os acordos acadados cos propios sindicatos, sen que se incorporen novos criterios de avaliación nas reconfiguracións propostas, nin outros distintos aos acordados no seu día para a totalidade dos postos de traballo dos ditos colectivos, sendo o recorrente pleno coñecedor da valoración efectuada, ao ter participado activamente nas negociacións ao efecto desenvoltas, na súa condición indicada.

De terse incorporado novos criterios de avaliación na presente proposta, ou ben outros distintos aos acordados no seu día para a totalidade dos postos de traballo dos ditos colectivos, moi probablemente resultarían uns importes bastante máis elevados dos actualmente propostos, debido a que calquera nova avaliación dos factores de responsabilidade e de especial preparación técnica, utilizando calquera das metodoloxías de APT e VPT¹ (análise e valoración de postos de traballo) existentes no ámbito técnico especializado de recursos humanos, sen dúbida arrojaría resultados ou puntuacións máis elevadas con respecto aos mesmos, nun contexto legal e organizativo que demanda perfís debidamente profesionalizados e dimensionados nos extremos superiores da xerarquía técnica superior directiva -no que respecta ás xefaturas das áreas- ou predirectiva.

Así, a xustificación dos postos de traballo que serviron de comparación funcional cos postos transformados, para presumir a identidade de funcións, con infracción do artigo 137.2 LEPG -como alega a parte recorrente- reitérase idéntica precisión que consta na ampliación de informe emitida en data 21/12/2015, no senso de que os postos de xefatura de área no ámbito do Concello de Vigo carecen de carácter singularizado², polo que aos postos obxecto de reconfiguración lle corresponden con carácter xeral, as atribucións e funcións que se derivan da dirección da área e dos servizos, departamentos, seccións e unidades que esta

1 A título exemplificativo, entre moitos outros, e como referente no sector público, vid. GORRITI BONTIGUI, M., e TOÑA GÜENAGA, F., en "El nuevo modelo de organización y recursos humanos en la Administración General de la Comunidad Autónoma del País Vasco", Revista Presupuesto y Gasto Público 41/2005, 245-270, Secretaría General de Presupuestos y Gastos, copyright Instituto de Estudios Fiscales. Vid. tamén GORRITI BONTIGUI, M., en "Diseño de funciones y puestos en la Administración"- INAP, octubre de 2013.

2 Sen prexuízo do cal, debería procederse, no marco dunha análise global en canto aos procedementos de provisión de postos de traballo con funcións directivas superiores, á definición de perfís competenciais e perfís de posto que harmonicen a necesaria transversalidade coa imprescindible especialización técnico-directiva, acorde coas necesidades da organización.

inclúa, contemplándose funcións de planificación, coordinación, organización, control e seguimento dos mesmos, segundo Guía de funcións do Concello de Vigo¹, e especificamente:

-Asumir o papel de nexo de comunicación entre as unidades do Concello que forman parte da área da que é responsable e o goberno municipal, favorecendo unha axeitada coordinación entre eles.

-Asumir todas aquelas funcións que lle sexan requiridas polo responsable político da área

-Asumir todas aquelas funcións que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán,

-Asumir o liderado da área da que é responsable, exercendo funcións de natureza directiva, en concreto, as seguintes:

-Asumir a xestión estratéxica da área,

-Asumir a xestión organizativa da área,

-Promover a comunicación interna e externa da área e dos servizos, departamentos, seccións e unidades nos que estea estruturada,

-Promover unha cultura de mellora continua dentro da área,

-Asumir as funcións relacionadas coa planificación, seguimento e control da actividade da área,

-Asumir funcións relacionadas coa xestión dos recursos humanos da área,

-Asumir funcións relacionadas coa xestión económica da área,

-Asumir funcións relacionadas coa xestión documental e de expedientes da área,

-Participar na elaboración da normativa do Concello,

-Manter relacións con entidades e organizacións externas que estean vinculadas á actividade da área,

-Supervisar a xestión e planificación dos recursos cos que conta a área.

No suposto da xefatura do servizo de nova creación na Área de Fomento, lémbrese que o complemento específico que se lle asocia é exactamente o mesmo (código 640) que o que o Comité de Persoal solicitou se lle aplicase, no ano 2010 e no marco das negociacións levadas a cabo para a aprobación da valoración de postos de traballo na RPT do ano 2010, a determinados postos de carácter técnico non superior, encadrados no subgrupo A2, que non desenvolven funcións de xefatura, senón de técnico medio, carácter básico e sinxelamente operativo², sen máis criterio que a súa iguala a postos básicos encadrados no subgrupo A1. Negociación da cal é coñecedora a parte alegante, ao partir esta proposta do propio Comité de Persoal cuxa Presidencia ostentaba.

¹ Anexas á vixente RPT e aprobadas no ano 2010 conxuntamente coa mesma.

² Vid. A tal efecto acta da mesa xeral de negociación de data 18/08/2010.

Idéntica referencia tense tomado para a determinación do complemento específico do posto de Letrado Especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil, ao cal se lle asigna idéntico código de complemento específico (640) que o que teñen na vixente RPT, segundo os acordos acadados co Comité e a petición do mesmo, determinados postos de carácter técnico base do subgrupo A1 na organización municipal do Concello -éste últimos, con responsabilidades asignadas moito menos relevantes que as inherentes ao posto obxecto de revisión-.

No que respecta á revisión de retribucións do posto de traballo de xefatura da oficina administrativa da Asesoría Xurídica Municipal, ao cal se lle asocia un complemento específico código 305, e en similar senso, lémbrese que a avaliación dos postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e transitorio E -realizada en expediente 19.004/220 e aprobada pola Xunta de Goberno Local en acordo de data 21/05/2009- tivo como resultado a revisión dos complementos específicos asociados a determinados postos de traballo, entre eles, as xefaturas de negociado, das cales as de maior grao avaliado de responsabilidade¹ tiveron asignado o complemento específico código 305 citado², estando precisamente a xefatura da oficina administrativa da Asesoría Xurídica Municipal entre as que maior responsabilidade teñen ou deben ter dentro da organización municipal, tal e como se expón na memoria organizativa asinada pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal que obra incorporada ao presente expediente.

No suposto concreto da xefatura de área intermedia de nova creación na Asesoría Xurídica Municipal -xefatura de Área de Asesoramento- e toda vez que se define unha xefatura de Área de rango xerárquico intermedio -xefatura da área de Asesoramento Xurídico, denominada "Letrado/ Xefe/a de Asesoramento Xurídico"- e sen prexuízo dunha ulterior revisión da avaliación que se asigna, tense efectuado a asociación retributiva intermedia entre o complemento específico máis elevado da escala técnica na organización (xefatura de área ordinaria) e o inferior (xefatura de servizo ordinaria de tramo superior) ao considerarse que a mesma dependerá xerárquicamente da nova Xefatura da Área Xudicial -de xeito inmediato no que respecta ao desenvolvemento das funcións de representación e defensa letrada, e de xeito mediato, do propio órgano directivo municipal nesas funcións, e inmediato verbo das funcións consultivas, do propio órgano directivo municipal "Titular da Asesoría Xurídica Municipal"; non excedendo, en modo algún, os tramos nin límites retributivos organizativamente establecidos no Concello de Vigo para os postos de traballo encadrados no subgrupo de pertenza.

En canto á revisión do posto de traballo de Xefatura do Servizo de Contratación, e debido ao contido do mesmo-de carácter eminentemente xurídico- xunto coa complexidade técnica do mesmo, tómanse como parámetro avaliativo e referencial as xefaturas de servizo ordinarias de tramo superior (a título exemplificativo, as xefaturas dos Servizos de Fiscalización e de Contabilidade existentes na Intervención Xeral Municipal, de análoga responsabilidade e especial preparación técnica), xa valoradas no ano 2010 previa negociación coa representación sindical do persoal municipal.

As reorganizacións plantexadas levan aparelladas as necesarias reconfiguracións de postos de traballo, cuxa forma de provisión será a de libre designación, tal e como establece o

¹ Vid. Informe técnico con proposta de 07/05/2009 emitido ao expediente nº 19.004/220, aprobado en acordo da XGL de data 21/05/2009.

² A tal efecto, efectúese unha comparativa coa xefatura do negociado do rexistro xeral e coa xefatura do negociado de Contratación, entre outras.

anexo da propia RPT aprobada e publicada (BOP nº 22 de data 16.11.2010, que indica que “a forma de provisión normal será o concurso, pero as xefaturas de unidades ou servizos de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza provistaránse mediante libre designación”). Non resulta ser certa a manifestación contida na alegación plantexada polo sindicato SICO de que o sistema de provisión de postos de traballo por libre designación non se axusta a dereito, dado que a legalidade vixente así o establece; en concreto, o artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, regula o sistema indicado, sistema que, con certas peculiaridades, é o contemplado para a cobertura dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (vid. Decreto autonómico 49/2009, do 24 de febreiro, en relación co disposto nos artigos 92 e 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Seguindo o razonamento da parte alegante, estarían incumprindo a Lei a práctica totalidade dos máis de 8.000 concellos de España.

Os procedementos de libre designación que se articulen serán desenvolto nos termos e condicións do informado na Mesa Xeral de Negociación celebrada o venres 12/02/2016 -no marco da cal se informou aos sindicatos da necesidade de abordar a provisión definitiva de postos de traballo cubertos transitoriamente en adscripción provisional, circunstancia que afecta postos encadrados nos subgrupos A1, A2 e C1 do Concello de Vigo, e que deberá articularse a través dun plan de ordenación de recursos humanos, que permita a reorientación e mellora na xestión do persoal afectado- sen prexuízo do establecido no artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en canto á adscripción provisional de postos de traballo que permita garantir o normal desenvolvemento da actividade administrativa na organización municipal.

Debe lembrarse que o sistema de libre designación constitúe a forma de provisión de tódalas xefaturas de área da RPT do Concello de Vigo, non resultando axustado a Dereito que a LEPG prohíba a través do precepto núm. 92 a utilización deste sistema de provisión; senón que o citado artigo posibilita que “aqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”, pódanse proveer polo procedemento de libre designación.

En todo caso, pode incluírse na proposta de reconfiguración e no acordo correspondente a referencia expresa á forma de provisión concreta.

Respecto á especificación da nova estrutura asociada aos postos de nova creación, indícase que a mesma será determinada no marco procedimental oportuno, unha vez efectuado o redimensionamento proposto. O propio alegante cita o artigo 74 do TREBEP referente ó contido das RPTs, o cal indica que as mesmas “comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias....” .

No que atinxe aos requisitos de titulación, debe indicarse que, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de reconfiguración dos postos, as titulacións académicas son as asociadas cos códigos correspondentes, segundo o previsto no Anexo da RPT do Concello de Vigo, segundo se indica seguidamente, e que se reproducen na parte dispositiva da proposta:

- Posto de traballo de “Xefe/a de Negociado da Asesoría Xurídica” en posto de “Xefatura de Oficina da Asesoría Xurídica Municipal”: código 3.
- Posto de traballo de “Letrado/a-Xefe/a de Asesoramento”: código 6.
- Posto de traballo de “Xefe/a Área Xudicial”: código 6.
- Posto de traballo de “Letrado/a Especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil”. código 6.
- Homoxeneización dos postos de traballo de “Letrado-Asesor” e “Asesor Xurídico Adxunto” baixo a común denominación de “Letrado-asesor xurídico”: código 6
- Posto de traballo de “Xefe/a do Servizo administrativo e de control orzamentario” na Área de Fomento: código 1/2.
- Posto de traballo de “Xefe/a do Servizo de Contratación”: código 6.
- Posto de traballo de “Xefe/a da Área de Xestión Patrimonial e Territorial”: código 1.

A título informativo, debe indicarse que, aos efectos da negociación colectiva do presente expediente administrativo, a actuación do Concello de Vigo en todo momento foi axustada, como resulta obvio, aos principios rectores da negociación colectiva contidos no artigo 33.1 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP, que sinala que:

“La negociación colectiva de condiciones de trabajo de los funcionarios públicos que estará sujeta a los principios de **legalidad, cobertura presupuestaria, obligatoriedad, buena fe negocial, publicidad y transparencia**, se efectuará mediante el ejercicio de la capacidad representativa reconocida a las organizaciones sindicales en los artículos 6.3,c), 7.1 y 7.2 de la Ley Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Libertad Sindical, y lo previsto en este capítulo.”

En xusta lóxica, ditos principios non só vinculan ao Concello, na súa condición de parte lexitimada para a negociación colectiva, senón tamén -e non debe olvidarse- á propia representación sindical do persoal da cal forma parte -como lexitimado- o propio sindicato recorrente, en atención á representatividade da que dispón, estando vinculado, na súa actuación, a idéntico marco legal neste concreto aspecto. Non nos consta que, no marco da reclasificación de determinados colectivos -como foi o da plantilla da Policía Local, efectuado tras a entrada en vigor da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia, e froito estricto da negociación colectiva no que respectou ao incremento de retribucións complementarias dos postos asignados ao dito colectivo- o sindicato alegante, que presidía o Comité de Persoal e tomou parte activa nas negociacións ao efecto, con claro liderado das mesmas, amosase a súa preocupación pola factorialización ou vectorialización aplicable aos postos de traballo encadrados no dito colectivo, sen prexuízo do cal queda debidamente exposta, ao longo do presente informe, a valoración aplicada aos postos obxecto de reordenación, derivada dos acordos acadados cos sindicatos nas sedes oportunas.

B) Documento nº 160018680, presentado polo funcionario municipal D. Manuel Ángel Córdoba Ardao, con nº de persoal 76.266, adscrito á Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios.

En relación coa alegación presentada, xunto coa alegación analizada no apartado anterior, e trasladada a mesma á Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal, en data 26/02/2016 emítense o informe seguinte:

“Asunto: Traslado das alegacións presentadas ao expediente administrativo 27.399/220.

O servizo de Recurso Humanos trasládanos dúas alegacións -documentos nº 160018545 e 160018680- presentadas ao expediente administrativo 27.399/220.

Consideramos que deben ser informadas polo servizo de recursos humanos con carácter previo á redacción da proposta de acordo que proceda, ao afectar a este servizo e de acordo cun criterio de especialización técnica en materia de recursos humanos e de competencia predeterminada polo art.172.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

No entanto, por se fose de utilidade para o servizo xestor, sinalaremos:

Primeiro.- Na “proposta organizativa” da Asesoría xurídica municipal de 17.9.2015, que non “informe”, “SOLICÍTASE” unha reestruturación que se refire **a postos de traballo** e non a persoas. Unha vez que se acade esa estrutura e eses postos estean creados, serán adscritas as persoas funcionarias que correspondan, seguindo o sistema de provisión que proceda, logo da tramitación pertinente polo servizo de recursos humanos.

Na reestruturación proposta todos os novos postos correlativos a prazas A1 terán que estar cubertos necesariamente por funcionarios coa titulación legalmente esixida para o exercicio das funcións de letrado (art. 551 da L.O.P.X.), pois nesa nova organización a función de representación e defensa letrada se pasa a atribuír a todos os superiores postos da Asesoría xurídica, o que ata agora non sucedía.

Resulta evidente, por tanto, que, de resultar aprobada esa reestruturación, xa só será posible que se cubran todos anteditos postos por persoas que teñan a licenciatura ou grao en Dereito. Xa que a proposta organizativa realizada, precisamente consiste en dotar a Asesoría xurídica cunha base de postos de letrado-asesor, coas necesidades actuais en número de dous, con iguais funcións e que abrangan a representación e defensa letrada e, polo tanto, con iguais retribucións.

Por conseguinte, esa preocupación manifestada polos alegantes, debe quedar despexada no acordo que finalmente se adopte, ao ser coincidente coa que motiva a proposta organizativa realizada: que todos os postos a cubrir por A1 da Asesoría xurídica requiran a titulación precisa para o exercicio da representación e defensa letrada.

En consecuencia, decae a extensa exposición dos escritos respecto a este asunto.

Segundo.- Á vista das alegacións, déixase xa dito que esta proposta organizativa datada en 17.9.2015 non pode coincidir co informe de 6 de maio de 2014. Xa que o informe realizado o 6 de maio de 2014, como debe constar no expediente da súa razón, foi solicitado polo servizo de recursos humanos, en relación coa realidade das funcións realizadas naquel momento. E a “proposta organizativa” é precisamente unha exposición e solicitude de como consideramos que debe ser no futuro esa organización, de aí que sinalasemos: “a proposta de organización racional, **a longo prazo, será** a de que estes dous postos teñan a mesma denominación de letrado-asesor xurídico, debendo facer fronte tanto ás funcións de defensa

e representación letrada como ás de informe xurídico e, mesmo informe-proposta se fose o caso. Por este motivo deberán ter as dúas o nivel de destino 28". A continuación, o que se describe en presente, son as funcións a realizar nos postos resultantes desta reorganización.

Tamén debe subliñarse que a solicitude organizativa da Asesoría xurídica é de 19.09.2015, polo tanto de data anterior ao Decreto de 16.10.2015 de traslado a instancia dun dos alegantes. En relación con esta última resolución, a Asesoría accedeu a ese traslado, en informe de data posterior coa advertencia de que ese traslado non supuxese detracción de posto e praza.

Terceiro.- Neste caso, a Asesoría xurídica solicita unha organización nova, futura que entendemos sería máis axeitada, pero non é o servizo xestor do expediente. Confiamos plenamente en que o servizo de recursos humanos reorganizará os postos e as prazas existentes co seu mellor e leal saber e entender e que coñece as concretas denominacións dos postos de orixe, prazas correlativas, postos e prazas vacantes, etcétera, para xestionar consonte ao seu criterio especializado a reorganización proposta, naquilo que estime procedente, dentro do respecto ao exercicio da potestade de autoorganización impulsada polo órgano decisorio competente na materia.

Por conseguinte non corresponde á Asesoría xurídica identificar nin reorganizar os concretos postos e prazas a empregar para acadar a proposta organizativa que realiza, e por iso nos limitamos a expresar como, na súa opinión, quedaría mellor organizado o servizo.

Cuarto.- Permítasenos unha reflexión final, as alegacións son un trámite ideado, entre outras funcións, para asegurar un maior e mellor acerto da resolución administrativa, é lexítimo o desacordo ou a discusión en relación co que se aproba, pode ser francamente útil que calquera que advirta calquera defecto ou problema o advirta. A potestade de autoorganización admite varias solucións posibles e aqueles que teñan un interese lexítimo poden achegar as súas propostas e ideas, pero descontextualizar os contidos das propostas e dos informes non serve a ningún dos fins lícitos para os que o ordenamento xurídico concebiu o trámite de alegacións.

En virtude do exposto,

SOLICITA:

Primeiro.- Que se teñan por feitas as anteriores manifestacións e, logo dos trámites e informes oportunos, se resolva o que proceda.

Segundo.- Que se teña por aportado informe do Xefe do servizo do contencioso administrativo, a fin de facilitar a comprobación da veracidade que se solicita nun dos escritos de alegacións."

Ao mesmo achégase informe emitido pola Xefatura do Servizo Contencioso de data 26/02/2016, que literalmente indica que:

"En relación coa proposta organizativa da Asesoría Xurídica formulada pola titular o 17-09-2015 e coas "alegacións" do SICO e/ou de D. M.A. Córdoba podo informar do seguinte:

1º.- A actual Asesoría Xurídica municipal deriva da promulgación da Lei 57/2003 (novo artigo 129 en relación coa DA 8ª.e da LRBRL).

2º.- A creación e regulación da figura do/a titular recóllese no apdo 2 deste novo artigo 129, conforme a él foron designados os seus titulares: U. Rivas, P. Figueroa, A. Blanco, F. Yebra e a actual Margarita Parajó Calvo, licenciada e doutora en dereito e funcionaria de carreira técnica de administración xeral do Concello de Vigo.

3º.- En verbo da representación e defensa en xuízo do Concello (e dos seus organismos autónomos, sen retribución adicional ningunha), a Asesoría Xurídica:

a) Asumiu o moi notable incremento do traballo, derivado da nova LXCA coa creación de dous xulgados do contencioso en Vigo con carácter xeral na orde contencioso-administrativa e nas demais ordes xudiciais en todas as instancias.

b) Asumiu levar directamente a práctica totalidade dos asuntos, minimizando as contratacións externas (ata a case eliminación, cunha diminución de gastos por este concepto cuantificable)

As funcións de representación e defensa municipal son asumidas case en exclusiva polos letrados da asesoría xurídica, con algunha excepción derivada da intervención de letrados externos e dos procuradores fora do partido xudicial de Vigo e en procedementos ordinarios. A excepción máis significativa dáse en relación con certo órgano administrativo municipal indiferenciado que actúa a marxe da organización normal do Concello e polo singularísimo contido da “guía de funcións” en relación cun posto de asesor xurídico, alleo a esta Asesoría Xurídica que ten atribuídas en tal documento diversas “representacións e defensas en xuízo” cuestión na que nada tivemos nin temos que ver.

4º.- En verbo da función consultiva, e tamén cos medios dispoñibles, a Asesoría Xurídica asumiu labores antes asignadas á Secretaría e a outros departamentos.

5º.- Ata onde sabemos, ningunha das persoas que traballamos na Asesoría, solicitou prestar servizos neste departamento. Si que houbo bastantes persoas que quixeron abandonar este servizo (é o caso dun dos alegantes que pediu e obtivo o “traslado” logo de promover un recurso contencioso-administrativo) e outras que non quixeron vir.

6º.- Que saibamos, nunca se nos solicitou información para definir os postos de traballo desta Asesoría Xurídica, nin se levou a cabo unha reconsideración xeral deles acorde coa realidade actual do noso traballo.

7º.- No informe emitido pola Titular da asesoría Xurídica o 6-05-2014, a petición do servizo de recursos humanos, para a tramitación dun procedemento, en relación co cal interpúxose logo o recurso contencioso P. Abreviado 95/2014 (expte. 8588/111). Naquel informe facíase unha descrición e diagnose da realidade existente nese momento e da organización formal desta asesoría xurídica dificilmente discutible e se recoñecían xa varias das disfuncións que na proposta organizativa se afrontan. Nada hai nel de inveraz, sen prexuízo de que poida terse outra opinión.

Tanto na sentenza desestimatoria do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de 30 de xuño de 2014 como na confirmatoria en apelación do TSXG de 20 de maio de 2015 se recolle que os que se integran e desenvolven o seu traballo na Asesoría Xurídica non desempeñan as mesmas funcións (xúntanse copias).

8º.- A Sra. Fernández López foi a única persoa que aceptou traballar na Asesoría Xurídica das de ingreso recente.

A Sra. Fernández López ten a titulación necesaria para acceder ás prazas de técnico da administración xeral. Concorreu á convocatoria pública regular e obtivo praza, polo que ten a habilitación legal para desenvolver as funcións correspondentes en todo o Concello, conforme ao artigo 169.2.a do RDL 781/1998 e normas concordantes (e conforme ao réxime de titulación universitaria vixente no momento no que accedeu á súa praza no Concello de Vigo)

Por experiencia persoal podemos informar que en Ciencias Políticas hai asignaturas de dereito administrativo, dereito constitucional igual que en Dereito, ademais de dereito autonómico.

A Sra. Fernández López nunca desenvolveu función ningunha de representación e defensa en xuízo do concello. O seu labor desenvólvese na función consultiva e en materia de contratación, para o que ten os coñecementos e formación necesaria de xestión, estudo e proposta de carácter administrativa de nivel superior.

Á licenciatura en dereito é necesaria para ser titular da Asesoría Xurídica e para a defensa en xuízo... non é a única titulación legalmente establecida para o acceso e o exercicio ás prazas de TAX. Son varias as persoas no Concello que accederon a estas prazas e non son licenciadas en dereito, sen que poidan ser discriminadas por tal feito, e sen que comprendamos cal é o motivo para que unha técnica de administración xeral (sexa licenciada en dereito ou outra das titulacións legalmente previstas) non poida traballar nesta Asesoría Xurídica en todo aquilo que non está estreitamente reservado a "licenciados en dereito" con total independencia das nosas opinións e pretensións persoais.

9º.- É evidente que esta Asesoría Xurídica e os que nela traballamos non temos as funcións administrativas comúns da xestión dos diversos departamentos municipais, polo que, nin a pirámide xerárquica nin a identidade cos outros postos de traballo e funcións, caben neste caso a pouco que se coñeza a realidade do noso traballo cotiá que nos ofrecemos a explicar.

Neste sentido o alegato sobre a tripulación e a traiña no caso da Asesoría Xurídica só pode derivar do descoñecemento do servizo. Aquí non hai un remeiro que conteste ás demandas e un capitán de fragata que as asine; e aquí todos remamos e achicamos auga.

10º.- A proposta organizativa da Titular da Asesoría Xurídica de 17-09-2015 contén unha redefinición de postos de traballo e os seus correlativos complementos de destino e específico; procurando a equiparación con postos ou niveis administrativos equivalentes ou aproximados ao non existir identidade posible.

Como tal proposta, a decisión correspóndelle aos órganos corporativos competentes e a tramitación ao departamento de Persoal. O que si sabemos é que resiste calquera

comparación con outras propostas, con informes emitidos usando o nome do Comité, ou con algunhas demandas das que tivemos que defender ao Concello en xuízo con resultados coñecidos."

Ao dito informe, a xefatura do servizo contencioso achega copias da Sentenza desestimatoria do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de 30 de xuño de 2014, así como da confirmatoria en apelación do TSXG de 20 de maio de 2015, que obran incorporadas ao presente expediente administrativo.

Compartindo plenamente o criterio dos servizos xurídicos, e polo que respecta á palmaria confusión que ambos alegantes parecen ter con respecto á situación dun dos postos de asesor/a xurídico existentes na Asesoría Xurídica Municipal, cómpre indicar que, con respecto aos funcionarios comúns de Administración Local, o RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, contempla, en canto aos Técnicos de Administración Xeral, que:

"Artículo 169

1. Corresponde a los funcionarios de la Escala de Administración General el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráticos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos o auxiliares de Administración General

a) Pertenerán a la Subescala Técnica de Administración General los funcionarios que realicen tareas de gestión, estudio y propuesta de carácter administrativo de nivel superior.

2. Hasta tanto se dicten las normas reglamentarias previstas en el artículo 100.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, la selección de los funcionarios a que se refiere el número anterior se ajustará a las siguientes reglas:

a) El ingreso en la Subescala Técnica se hará por oposición libre y se precisará estar en posesión del título de Licenciado en Derecho, en Ciencias Políticas, Económicas o Empresariales, Intendente Mercantil o Actuario."

3. Na vixente RPT (BOP nº 220, del martes 16/11/2010) cuxa modificación se insta existen 2 postos de traballo, denominados "Asesor/a Xurídico/a Adxunto (código de posto 111.04) e "asesor/a xurídico/a" (código de posto 111.05) respectivamente, para os cales a titulación esixida é calquera título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente), segundo o código 1 de titulación contemplado no anexo, e que determina a titulación esixida para o desenvolvemento do posto.

Como requisitos adicionais aos de titulación, a RPT esixe, como formación específica, a de "dereito", pero en modo algún a licenciatura ou equivalente en dita disciplina, sendo necesario indicar que o concepto de "formación específica" non é, en modo algún, asimilable a o de "titulación exigida para el desempeño del puesto", sendo un dos aspectos onde se pon de releve a necesidade urxente de efectuar a modificación puntual que se propón.

Con independencia de que determinados postos de especial responsabilidade dentro da organización municipal deberían ser analizados exhaustivamente, establecendo a esixencia dunha titulación concreta e duns requisitos de experiencia, formación e competencias para o desempeño do posto -xa que sería recomendable e necesaria unha profesionalización e

especialización da función pública local, especialmente nos niveis máis altos da xerarquía administrativa- é certo que, ao abeiro da RPT vixente, calquera Técnico/a de Admón. Xeral do Concello, con ter recibido formación en materias xurídicas, podería estar adscrito a calquera deses dous concretos postos de traballo na Asesoría Xurídica con pleno axuste ao marco legal vixente.

O que en ningún caso sería posible legalmente -e nunca ten sucedido, tal e como consta nos informes transcritos de datas 26/02/2016- é que unha persoa que non dispoña da Licenciatura en Dereito ou equivalente representase procesualmente ao Concello de Vigo, ao no cumprirse, neste caso, os requisitos de Licenciatura en Dereito esixidos pola Lei Orgánica 6/1985, de 1 de Julio, do Poder Xudicial, que contempla que:

"Artículo 5511.

La representación y defensa del Estado y de sus organismos autónomos, así como la representación y defensa de los órganos constitucionales cuyas normas internas no establezcan un régimen especial propio, corresponderá a los Abogados del Estado integrados en el Servicio Jurídico del Estado. Los Abogados del Estado podrán representar y defender a los restantes organismos y entidades públicos, sociedades mercantiles estatales y fundaciones con participación estatal, en los términos contenidos en la Ley 52/1997, de 27 de noviembre, de Asistencia Jurídica al Estado e Instituciones Públicas y disposiciones de desarrollo.

La representación y defensa de las entidades gestoras, servicios comunes y otros organismos o entidades de naturaleza pública, que conforme a la ley integran la Administración de la Seguridad Social, sin incluir, en consecuencia, la de las mutuas colaboradoras de la Seguridad Social, corresponderá a los Letrados de la Administración de la Seguridad Social, integrados en el Servicio Jurídico de la Administración de la Seguridad Social, sin perjuicio de que, de acuerdo con lo que reglamentariamente se determine, tales funciones puedan ser encomendadas a Abogado colegiado especialmente designado al efecto.

La representación y defensa de las Cortes Generales, del Congreso de los Diputados, del Senado, de la Junta Electoral Central y de los órganos e instituciones vinculados o dependientes de aquéllas corresponderá a los Letrados de las Cortes Generales integrados en las secretarías generales respectivas.

3. La representación y defensa de las comunidades autónomas y las de los entes locales corresponderán a los letrados que sirvan en los servicios jurídicos de dichas Administraciones públicas, salvo que designen abogado colegiado que les represente y defienda. Los Abogados del Estado podrán representar y defender a las comunidades autónomas y a los entes locales en los términos contenidos en la Ley 52/1997, de 27 de noviembre, de Asistencia Jurídica al Estado e Instituciones Públicas y su normativa de desarrollo."

En modo algún lle consta ao Servizo de Recursos Humanos a representación procesual do Concello de Vigo por funcionarios carentes da titulación necesaria ao efecto, e precisamente a modificación proposta ten por obxecto que todos os postos de traballo asignados aos ditos ámbitos contén, como titulación esixida para o desempeño do posto, da licenciatura en Dereito ou equivalente (código 6).

Adicionalmente, e a título ilustrativo, debe lembrarse aos recorrentes que o Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e polo que respecta aos Secretarios de Administración Local, pertencentes ao corpo de funcionarios/as de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que desempeñan, entre outras, a relevante función reservada de

"asesoramento legal preceptivo", establece nos seus artigos 3 e 22 o seguinte:

"Artículo 3

La función de asesoramiento legal preceptivo comprende:

- a) La emisión de informes previos en aquellos supuestos en que así lo ordene el Presidente de la Corporación o cuando lo solicite un tercio de Concejales o Diputados con antelación suficiente a la celebración de la sesión en que hubiere de tratarse el asunto correspondiente. Tales informes deberán señalar la legislación en cada caso aplicable y la adecuación a la misma de los acuerdos en proyecto.
- b) La emisión de informe previo siempre que se trate de asuntos para cuya aprobación se exija una mayoría especial. En estos casos, si hubieran informado los demás Jefes de servicio o dependencia u otros asesores jurídicos, bastará consignar nota de conformidad o disconformidad, razonando esta última, asumiendo en este último caso el firmante de la nota la responsabilidad del informe.
- c) La emisión de informes previos siempre que un precepto legal expreso así lo establezca.
- d) Informar, en las sesiones de los órganos colegiados a que asista y cuando medie requerimiento expreso de quien presida, acerca de los aspectos legales del asunto que se discuta, con objeto de colaborar en la corrección jurídica de la decisión que haya de adoptarse. Si en el debate se ha planteado alguna cuestión sobre cuya legalidad pueda dudarse podrá solicitar al Presidente el uso de la palabra para asesorar a la Corporación.
- e) Acompañar al Presidente o miembros de la Corporación en los actos de firma de escrituras y, si así lo demandaren en sus visitas a autoridades o asistencia a reuniones, a efectos de asesoramiento legal."

"Artículo 22

1. Para participar en las pruebas selectivas los aspirantes deberán estar en posesión, en el momento en que termine el plazo de presentación de instancias, de alguno de los siguientes títulos académicos:

- a) Subescala de Secretaría: Licenciado en Derecho, Licenciado en Ciencias Políticas y de la Administración, Licenciado en Sociología.
- b) Subescala de Intervención-Tesorería: Licenciado en Derecho, Licenciado en Administración y Dirección de Empresas, Licenciado en Economía, Licenciado en Ciencias Actuariales y Financieras.
- c) Subescala de Secretaría-Intervención: Licenciado en Derecho, Licenciado en Ciencias Políticas y de la Administración, Licenciado en Sociología, Licenciado en Administración y Dirección de Empresas, Licenciado en Economía, Licenciado en Ciencias Actuariales y Financieras."

Por tanto, un Licenciado/a en CC Políticas pode exercer, con arranxo a marco legal vixente, as funcións de fe pública e asesoramento legal preceptivo reservadas aos Secretarios de Administración Local, pertencentes ao corpo de funcionarios/as de Administración Local con habilitación de carácter nacional, aún sin ser Licenciado/a en Dereito. E igualmente pode estar adscrito legalmente aos servizos xurídicos de calquera concello, nos postos de traballo indicados (titulación código 1) sempre que non exerza funcións de representación procesual e/ou asistencia letrada, ao non ter tal condición, como sucede no caso do posto denominado "Asesor/a Xurídico" (código 111.05) cuxa reconfiguración se plantexa.

Deste xeito, e máis aló daquelas cuestións de índole claramente subxectiva e persoal que subxacen a ambas alegacións, resulta obvio que o alegante D. Manuel A. Córdoba Ardao, a petición propia, foi adscrito por Decreto de 16.10.2015 á Área de Mobilidade, Seguridade, tráfico, Transportes e Extinción de Incendios, ante a insuficiencia de persoal técnico de admón. xeral detectada na mesma, polo cal resulta de xusta lóxica que o posto vacante de TAX/TAE existente na Área (posto código 212.16 -adxunto xurídico p.l.) e cuxa cobertura non se solicitou dende o

ano 2013, sexa reasignado á Asesoría Xurídica Municipal, tal e como consta nos informes transcritos e dadas as necesidades manifestadas.

Por tanto, a situación laboral e profesional do alegante non se ve alterada pola modificación proposta, non alcanzando a comprender o sentido da alegación plantexada, máxime cando a marcha dos servizos xurídicos do recorrente foi efectuada a petición e vontade propias do mesmo.

Aos efectos que podan resultar procedentes, e para constancia e demais efectos, indícase que existen en ambas alegacións unha serie de manifestacións, de índole estrictamente subxectiva e de oportunidade, con respecto ás cales esta funcionaria non entrará a debatir no presente expediente -sen prexuízo do que se poda derivar da análise das mesmas en relación co afección que, a título estrictamente individual no desempeño das funcións propias e inherentes ao posto de traballo poda ter dende a óptica dos dereitos fundamentais á honra e á propia imaxe contemplados no artigo 18 da vixente Constitución de 1978, así como noutra normativa sectorial especializada, analizables e tutelables na sede xurisdiccional que corresponda- non afectando, en modo algún, ao fondo do asunto.

Pola motivación exposta, enténdese que ambas alegacións deben ser desestimadas.

III.- PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN E ÓRGANO COMPETENTE

Segundo o contemplado no artigo 202.2 da Lei 5/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a modificación puntual proposta, tras o trámite de información pública por un prazo de 20 días deberá ser sometida a aprobación definitiva para resolución das alegacións plantexadas.

O órgano competente para a aprobación da RPT e das súas modificacións é a Xunta de Goberno local, segundo o artigo 127.1, h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

*En consecuencia, e ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data, e coa conformidade da mesma, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

***“Primeiro.-** Desestimar, en atención aos fundamentos xurídicos expresados na parte dispositiva da presente, as alegacións presentadas por D. Dámaso Pena González, secretario xeral do Sindicato Independiente do Concello de Vigo, contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 15.01.2016, polo que se aproba inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) e a alegación presentada en documento nº 160018680 polo funcionario municipal D. Manuel A. Córdoba Ardao, con nº de persoal 76.266.*

***Segundo.-** Aprobar a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) nos termos da motivación contida no informe-proposta que antecede e da instrucción do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 16/12/2015, concretada nas modificacións seguintes:*

- Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a de Negociado da Asesoría Xurídica” en posto de “Xefatura de Oficina da Asesoría Xurídica Municipal” asignándolle o C.E. Código 305, código de titulación 3, forma de provisión: C.*

- Creación da Área de Asesoramento Xurídico na Asesoría Xurídica Municipal, e reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Servicio Recursos Asesoramento”, C.D. 28, C.E. Cód. 625, pasando a ser un posto de traballo de “Letrado/a-Xefe/a de Asesoramento”, C.D. 28, código de titulación 6, debendo procederse á creación dun novo código retributivo, o código 620, dotado cun total de 34.480,04 euros anuais, forma de provisión: LD.
- Creación da Área Xudicial na Asesoría Xurídica Municipal, e reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Servicio Contencioso”, C.D. 28, C.E. Cód. 625, en un posto de traballo de “Xefe/a Área Xudicial”, C.D. 28, C.E. 615, código de titulación 6, forma de provisión: LD.
- Reconfiguración do posto de traballo de “Adxunto/a Xefe/a Servicio Contencioso” C.D. 28, C.E. Cód. 660, no posto de “Letrado/a Especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil” C.D. 28, C.E. 640, código de titulación 6, forma de provisión: LD.
- Homoxeneización dos postos de traballo de “Asesor Xurídico (código 111.05)” e “Adxunto Xurídico P.L.” (código 212.16) baixo a común denominación de “Letrado-asesor xurídico” con asignación de nivel de C.D. 28, C.E. Cód. 680, código de titulación 6, con reasignación do posto código 212.16 á Asesoría Xurídica Municipal, forma de provisión en ambos casos: LD.
- Creación do Servizo administrativo e de control orzamentario na Área de Fomento, e reconfiguración do posto de traballo de técnico/a de xestión existente na Área de Fomento, que pasará a ser a “Xefe/a do Servizo administrativo e de control orzamentario” na Área indicada, con nivel de complemento de destino 28/26 e nivel de complemento específico 640, (análogo á xefatura do servizo de electromecánicos existente na dita Área) sendo de adscripción indistinta un funcionario/a encadrado no subgrupo A1 ou A2, código de titulación 1/2, forma de provisión: LD.
- Reconfiguración do posto de traballo de “Xefe/a Contratación”, que pasará a ser “Xefe/a do Servizo de Contratación”, con nivel de CD 28, nivel de CE 625, código de titulación 6, forma de provisión: LD.
- Creación da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, incardinada dentro da área de Goberno de Xestión Municipal, e reconfiguración do posto de traballo existente de “Xefe/a do Servizo de Tenencia “en “Xefe/a da Área de Xestión Patrimonial e Territorial”, con idéntico nivel de C.D. E nivel de C.E. 615, código de titulación 1, forma de provisión: LD.

De conformidade coas vixentes instrucións sobre plantilla anexas á RPT aprobada no ano 2010, a forma de provisión dos postos de traballo de nivel de CD 26 ou superior contemplase sen prexuízo do establecido no artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en canto á adscripción provisional de postos de traballo que permita garantir o normal desenvolvemento da actividade administrativa na organización municipal.

Segundo.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento ás modificacións puntual acordada, nos termos do informe de fiscalización previa emitido ao presente expediente, con cargo á partida orzamentaria “Fondo de regularización retributiva”, e segundo o indicado no apartado anterior do presente acordo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ás áreas e/ou servizos afectados, Xefaturas de Área de Concello de Vigo, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral e Intervención Xeral Municipal, e Comité de Persoal, para coñecemento e efectos, remitindo igualmente copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, debendo publicarse íntegramente no boletín oficial da provincia."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(193).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:

A) ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE RESPONSABILIDADE DO ÓRGANO DE CONTABILIDADE E DE PRESUPOSTACIÓN. EXPTE.: 33/142.

Dáse conta da Resolución de data 25/02/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal fiscalizado na mesma data polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

"Vista a solicitude tramitada en expediente administrativo nº 33/142, de atribución de funcións en materia de contabilidade e orzamentación en favor do funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Municipal, con carácter urxente;

Visto o informe emitido pola xefatura do Servizo de Recursos Humanos en data 24/02/2016, e seguindo o contido no mesmo;

Considerando o contemplado no artigo 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que recolle que:

"1. Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional:

*a) La de Secretaría, comprensiva de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo.
b) El control y la fiscalización interna de la gestión económico-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación.*

2. La escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional se subdivide en las siguientes subescalas:

*a) Secretaría, a la que corresponden las funciones contenidas en el apartado 1.a) anterior.
b) Intervención-tesorería, a la que corresponden las funciones contenidas en el apartado 1.b)."*

Vista a posibilidade legal de atribución aos funcionarios públicos de funcións distintas ás propias dos postos de traballo, expresamente contemplada no artigo 73.2 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla que "las Administraciones Públicas podrán asignar a su personal funciones, tareas o responsabilidades distintas a las correspondientes al puesto de

trabajo que desempeñen siempre que resulten adecuadas a su clasificación, grado o categoría, cuando las necesidades del servicio lo justifiquen sin merma en las retribuciones.”

Visto o contemplado no artigo 134 da Lei 7/1985, do 2 de abril, en canto a que nos municipios de grande poboación “las funciones de presupuestación, contabilidad, tesorería y recaudación serán ejercidas por el órgano u órganos que se determinen en el Reglamento orgánico municipal. El titular o titulares de dicho órgano u órganos deberá ser un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, salvo el del órgano que desarrolle las funciones de presupuestación” e considerando a ausencia de aprobación do regulamento de administración/organización municipal que permita a creación do dito órgano;

Nos termos do previsto na instrucción terceira, apartado l) in fine das vixentes instruccións sobre plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo municipal, procederán os devengos retributivos en concepto de produtividade oportunos, debendo determinarse e aprobarse, previa ou simultaneamente, os criterios obxectivos ao efecto;

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización previa, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e ao abeiro das competencias que ostento por delegación da Excm. Alcaldía e da Xunta de Goberno Local, efectuadas en Decreto e acordo de data 19/06/2015, pola presente emítese a presente RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Atribuir temporalmente as funcións de máxima responsabilidade na dirección da orzamentación e no superior control da contabilidade do Concello de Vigo no funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Municipal, con carácter estrictamente provisional e ata que non se proceda á aprobación do regulamento de organización ou de administración municipal que permita o desenvolvemento das previsións contidas no título X da Lei 57/2003, do 16 de decembro, en canto á obriga de creación do órgano responsable da xestión económico-financeira e orzamentaria nos municipios de grande poboación, reservado a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional regulado no artigo 134 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e normativa de concordante aplicación, de conformidade co informe da xefatura de recursos humanos de data 24/02/2016.

SEGUNDO.- Ordenar que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á tramitación de expediente administrativo tendente á xestión dos devengos susceptibles de xenerarse en tal concepto, que deberán retribuírse con cargo ao complemento retributivo de produtividade, nos termos do previsto na instrucción terceira, apartado l) in fine das vixentes instruccións sobre plantilla, debendo determinarse e aprobarse, previa ou simultaneamente, os criterios obxectivos para o seu devengo, tal e como establece o dito apartado; e sendo tramitados e aboados coa periodicidade que proceda, nos termos do procedemento contemplado ao efecto, e previa a súa aprobación polos órganos municipais competentes.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado/a, Concellerías-delegadas de Área, órganos directivos e Gabinete da Alcaldía para coñecemento e efectos, dando conta á Xunta de Goberno Local.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada

B) AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAS AO FUNCIONARIO D. FIDEL GOBERNA TRIGO, PARA OS MESES DE FEBREIRO E MARZO DE 2016. EXPTE. 27654/220.

Dáse conta da seguinte Resolución do 19/02/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

"Visto o escrito do Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento, de data 04/02/2016, solicitando se inclúa na relación de persoal que ten autorizada o exceso de xornada nun máximo total de 1.050 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xaneiro, febreiro e marzo de 2015, a don Fidel Goberna Trigo (nº persoal 77393), sin que isto supoña incremento do máximo total de horas a realizar no período sinalado, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

R E S O L V O :

"Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral a don Fidel Goberna Trigo (nº persoal 77393), durante os meses de Febreiro e Marzo-2016.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, lembrándose que non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

A Xunta de Goberno Local queda informada.

C) AUTORIZACIÓN HORAS EXTRAS AO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE CENTRAL PARA OS MESES DE FEBREIRO E MARZO 2016. EXPTE. 27594/220.

Dáse conta da Resolución de data 19/02/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

"Vista a proposta do servizo de Recursos Humanos de data 04/02/2016 e o informe de fiscalización de Intervención Xeral de data 17/02/2016, relativos a solicitude de autorización de exceso de xornada polo persoal do servizo do Parque Central, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

RESOLVO:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao servizo de Parque Central, que seguidamente se indica:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Oficial Almaceneiro/a	Parque Central de Servizos	7232	Abelleira Porrua, Guillermo
Xefe/a Equipo Oficinos	Parque Central de Servizos	17242	Alonso Alonso, Miguel Ángel
Oficial Electricista	Parque Central de Servizos	22786	Arias Rodríguez, Damaso
Of Conductor/a Palista	Parque Móbil	80659	Carballo Magariños, Jesús
Oficial Conductor	Parque Móbil	15272	Comesaña Davila, Jose A.
Oficial Conductor/a	Parque Móbil	79385	Comesaña Fernández, Luis
Oficial Conductor/a	Parque Móbil	13209	Cuervo Coomonte, Luciano
Axudante Oficinos	Parque Central de Servizos	76590	Fernández Alberte, Severino J.
Xefe de Equipo	Parque Móbil	17354	Pérez Fernández, Jose A.
Oficial Conductor	Parque Móbil	82144	Troncoso Martínez, Avelino
Vixiante Xeral	Parque Central de Servizos	15438	Rodríguez Leirós, Alfonso
Oficial Almacenero	Parque Central de Servizos	11854	Rodríguez Lestón, Bernardo
Oficial Conductor/a	Electromecánicos	80359	Rodriguez Boente, Eduardo

A presente autorización outórgase nun máximo total de 416 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de febreiro e o 31 de marzo de 2016, nos termos dos escritos asinados polo xefe do servizo en data 20/01/2016, que serán compensadas segundo o previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2015, nos termos do establecido Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

D) RENUNCIA PRESENTADA POR D. VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ COUTO AO SEU NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS COMO ADMINISTRATIVO. EXPTE. 27739/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 25/02/16, da técnica de Formación, conformado pola xefa de RR HH, que di o seguinte:

“Con data 24 de febreiro de 2016, tivo entrada a través do Rexistro Xeral solicitude presentada por D. Víctor Manuel Martínez Couto (doc. 160022067), a través da cal renuncia con efectos do 29 de febreiro de 2016 ao seu nomeamento interino por acumulación de tarefas como administrativo de administración xeral.

O interesado foi nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas con data 28/12/2015 por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2015, como administrativo de administración xeral.

De conformidade co previsto no art. 10 en relación co art. 64.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas producirase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto da Alcaldía e en Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 24 de febreiro de 2016 por D. Víctor Manuel Martínez Couto, con DNI 76.991.699-G, nº de persoal 83326, nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas como administrativo de administración xeral, con efectos do día 29 de febreiro de 2016, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese ao interesado, Titular de Asesoría Xurídica, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), e Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, con data 25/02/16, resolveu de conformidade coa anterior proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

E) DECLARACIÓN DE DESISTIMENTO EN PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DE SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA PERMANENCIA NA SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO E DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO

FUNCIONARIO MUNICIPAL D. RAMÓN FERNÁNDEZ-LINARES BOUZA. EXPTE. 27357/220.

Dáse conta do informe-proposta do 25/02/16, da xefa de RR HH, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Con data 25/11/2015 (documento nº 150151987) foi presentada solicitude de prórroga no servizo activo por D. Ramón Fernández-Linares Bouza, con número de persoal 78523, baseando a súa petición na necesidade de cotización adicional para acadar a pensión completa.

2.- En data 17/02/2016 foi enviada notificación co contido seguinte:

“O obxecto de poder tramitar a súa solicitude de prórroga no servizo activo, e unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local os “Criterios para a autorización da prórroga da situación de servizo activo dos empregados/as ao servizo do Concello de Vigo”, deberá aportar certificación acreditativa expedida pola Administración da Seguridade Social, das incidencias relativas á súa vida laboral.”

3.-Á vista de que a documentación aportada non se axustaba ao previsto nos vixentes “Criterios para a autorización da prórroga da situación de servizo activo dos empregados/as ao servizo do Concello de Vigo”, en data 24/02/2016 foi notificado novamente aos efectos seguintes:

“Visto o documento presentado por Vde. en data 20/02/2016 (documento nº 160020121) e toda vez que o mesmo resulta ser un informe de vida laboral, cun selo de funcionario público, sen que conste a capacidade legal do mesmo para a emisión de certificacións, nin se certifique a veracidade dos datos aportados, pola presente outórgáselle un prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a da notificación da presente, aos efectos do preceptuado no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Do cal se lle da traslado aos efectos oportunos.”

4.- Solicitado informe á xefatura do Negociado de Seguridade Social, en data 25/02/2016 se informa o seguinte:

“A petición da Xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 25/02/2016, emítese o seguinte informe:

A regulación legal da xubilación ven recollida na Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social que efectuou unha modificación da regulación da idade de xubilación e dos porcentaxes que se atribuen por ano cotizado a efectos do calculo de dita pensión.

Asímesmo, especificanse as diferentes idades e os distintos períodos de cotización acreditados, establecendo que esta se realizará de forma progresiva e gradual, producíndose un cambio normativo ao respecto recollido no vixente Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, concretamente no seu Capítulo XIII (artigos 204 a 215) e Disposición transitoria sétima.

En dita disposición transitoria sétima establécese que as idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias á idade, aplicaranse de forma gradual, polo que para o presente ano 2016 a idade esixida será:

65 anos: período cotizado 36 ou máis anos.

65 anos e 4 meses: período cotizado menos de 36 anos.

No caso do Sr. Fernández-Linares Bouza, dos datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos compróbase que naceu o 26/10/1950, e do informe de vida laboral que obra no expediente. 27357-220, aportado polo interesado ten cotizados a día 17/02/2016 trinta e catro anos e 19 días.”

4.- En consecuencia, e desprendéndose do mesmo que a data de cumprimento da idade legal de xubilación é o vindeiro 26/02/2016, procede a análise da viabilidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.-O artigo 67.3 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, de 31/10/15), contempla que:

“3. La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad.

No obstante, en los términos de las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto, se podrá solicitar la prolongación de la permanencia en el servicio activo como máximo hasta que se cumpla setenta años de edad. La Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada la aceptación o denegación de la prolongación.

De lo dispuesto en los dos párrafos anteriores quedarán excluidos los funcionarios que tengan normas estatales específicas de jubilación.”

-Debe considerarse, complementariamente, o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, nos aspectos en que incida ou abunde ao contemplado na legislación estatal básica (fundamentalmente, artigo 68); norma que contempla que:

“3. La jubilación forzosa del personal funcionario se declarará de oficio al cumplir la persona la edad legalmente establecida.

4. Pese a lo previsto en el apartado anterior, el personal funcionario puede solicitar, con una antelación mínima de tres meses y máxima de cuatro meses a la fecha en la que cumpla la edad de jubilación forzosa, la prolongación de la permanencia en la situación de servicio activo. Esta prolongación se concederá, en su caso, por períodos de un año, renovables anualmente a solicitud de la persona interesada presentada con un plazo de antelación mínimo de tres meses y máximo de cuatro meses a la fecha de finalización de la prolongación concedida, hasta el cumplimiento de la edad máxima legalmente establecida.”

Asímesmo, ámbalas dúas normas establecen que as administracións incluídas no ámbito de aplicación destas leis poderán dictar normas complementarias de procedemento para a tramitación das solicitudes de prolongación da permanencia na situación de servizo activo e das súas prórrogas.

Por isto, dadas as necesidades de definición duns criterios obxectivos de público coñecemento do persoal municipal e o fin de garantir o dereito á igualdade de trato en idéntica situación contido no art. 14 da vixente Constitución de 1078, e para permitir dotar de seguridade xurídica á xestión das incidencias de prórroga da permanencia da situación de servizo activo, pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 15 de xaneiro de 2015, adoptouse acor-

do polo que se aprobaron os **“Criterios para a prórroga da situación de servizo activo dos empregados/as ao servizo do Concello de Vigo”** (expediente administrativo nº 27401/220), establecéndose entre os supostos de prórroga no servizo activo, apartado V, o suposto seguinte:

“ a) Prórroga automática, a solicitude do interesado/a, en caso de necesidade de cotización adicional para acadar a pensión completa:

Nos supostos nos que, por insuficiencia de tempo cotizado, resulte imprescindible continuar no servizo activo, a fin de efectuar unha cotización adicional que permita acadar a pensión completa á cal tería dereito o empregado/a público municipal consonte á lexislación de Seguridade Social, autorizarase automaticamente por resolución do órgano municipal competente a prórroga da situación de servizo activo, polo tempo imprescindible para acadar a dita cotización adicional.

A tal efecto, o persoal poderá solicitar, cunha antelación mínima de 3 meses e máxima de 4 meses á data na que cumpla a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo por falta de cotización adicional para acadar a pensión completa sen merma de dereitos.

Esta prolongación concederase, no seu caso, polo período imprescindible para acadar a pensión completa á cal tería dereito o empregado/a público municipal consonte á lexislación de Seguridade Social. No caso de que dito período exceda de 1 ano, autorizarase por períodos de 1 ano, renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínimo de 3 meses e máximo de 4 meses á data na cal podería ter acceso á pensión completa indicada.

No presente caso, será requisito imprescindible a aportación de certificación acreditativa, expedida pola Administración da Seguridade Social, das incidencias relativas á vida laboral e ás condicións do dereito á pensión do empregado/a solicitante, carecendo de validez a tal efecto os documentos de carácter orientativo, informativo e/ou non vinculante expedidos ao efecto.”

Dita certificación acreditativa, requerida en dúas ocasións, non foi aportada en tempo e forma polo interesado, ao non axustarse o documento presentado á condición legal de certificación.

II.- O artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC) contempla, en canto á mellora e subsanación de solicitudes nos procedementos administrativos iniciados a instancia dos interesados, que:

“Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo anterior y los exigidos, en su caso, por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 42”.

No presente suposto, e de non resolver expresamente en prazo a solicitude de prórroga formulada, mantendo ao funcionario no servizo activo mási aló da data de cumprimento da idade legal de xubilación (26/02/2016, segundo informe do negociado de Seguridade Social)

este Concello estaría incumprindo o marco legal vixente en materia de xubilación dos funcionarios públicos, que establece expresamente que a xubilación forzosa do persoal funcionario declarárase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida (artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia). Por tanto, e considerando que dende o 15/01/2016 era de público coñecemento o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local aprobando os criterios para a solicitude de prórroga -dispoñible na intranet municipal e no Portal de Transparencia- no cal se indican e detallan os documentos de obrigatoria aportación; e que, tendo sido requerido en dúas ocasións ao efecto, non consta, á data hoxe, a aportación de documento válido, procedería ter por desistido ao solicitante, declarando igualmente a xubilación obrigatoria do mesmo por cumprimento da idade legal establecida.

COMPETENCIA

A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, fórmase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Ter por desistido ao funcionario municipal D. Ramón Fernández-Linares Bouza, con nº de persoal 78523, no procedemento administrativo de prórroga no servizo activo iniciado a instancia de parte e tramitado en expediente nº 27.357/220, ao non constar a aportación da documentación solicitada para a correcta tramitación da súa solicitude consonte aos “Criterios para a prórroga da situación de servizo activo dos empregados/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 15/01/2016 e de pública difusión na Intranet municipal e Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

Segundo.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario indicado na praza de enxeñeiro industrial, subgrupo A1 de titulación, con efectos do día 26/02/2016 -data de cumprimento da idade de xubilación forzosa- de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e segundo os datos ao respecto contidos en informe da xefatura do negociado de Seguridade Social de data 25/02/2016.

Terceiro.- Notificar a presente ao interesado/a, Concellería delegada da Área de destino, Xefatura da Área de Destino, Intervención Xeral Municipal, e Planificación e Organización e negociado de Seguridade Social do Servizo de Recursos Humanos, aos efectos oportunos.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal, en data 25/02/16, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

F) REASIGNACIÓN COMO CONSECUENCIA DA ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO Ó EMPREGADO MUNICIPAL D. JOSÉ JULIO RODRÍGUEZ GRANJA PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 27454/220.

Dáse conta da Resolución do 24/02/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Visto o informe emitido pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en data 24/02/2016, e en cumprimento do informe de vixilancia da saúde sobre traslado por adaptación de posto do empregado municipal D. José Julio Rodríguez Granja;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar como consecuencia da adaptación de posto de traballo, ó empregado municipal D. José Julio Rodríguez Granja, con nº de persoal 13540, oficial electricista destinado no Servizo de Electromecánicos ó Servizo de Conserxería, onde desenvolverá as funcións de subalterno, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado (código de posto 444.05, código retributivo 232) ao Servizo indicado (código 201) con efectos económicos e administrativos da data 01/03/2016.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de oficial electricista existente no Servizo de Electromecánicos, asociado a unha praza da mesma denominación (código retributivo 232) ó Servizo de Conserxería (código 201) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Tercero.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Xefatura da Área de Fomento, Servizo de Conserxería, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización e inspección de persoal) é Técnicas de Prevención de Riscos aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

G) REASIGNACIÓN DO FUNCIONARIO D. JAVIER PINAL FALQUE, ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, DO SERVIZO DE DEPORTES, Á TESOURERÍA MUNICIPAL, NEGOCIADO DE NÓMINAS. EXPTE. 27740/220.

Dáse conta da Resolución do 24/02/16, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Por orde do servizo da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 08/02/2016 foi ordenado o traslado “Ordenar que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á tramitación administrativa de expediente ao obxecto de realizar o traslado do funcionario D. JAVIER PINAL FALQUE, con nº de persoal 90102, administrativo de Administración Xeral con posto traballo de xefe/a Oficina Administrativa, do Servizo de Deportes -persoal do extinto Instituto Municipal dos Deportes, cód. 611, do Capítulo I do orzamento do presente ano- (código retributivo 622), a Tesourería Municipal-Negociado de Nóminas, (código de servizo 542).”

Visto o informe favorable da xefatura de Recursos Humanos de data 25/02/2016; e considerando as necesidades de reasignación de efectivos nas diferentes áreas e servizos do Concello de Vigo, que resulta especialmente urxente no negociado de nóminas da tesourería municipal, debido á xubilación da funcionaria adscrita á xefatura do negociado de Nóminas;

Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece a o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente

RESOLVO:

“Primeiro.- Reasignar ao funcionario de carreira do Concello de Vigo D. JAVIER PINAL FALQUE, con nº de persoal 90102, administrativo de Administración Xeral con posto traballo de xefe/a Oficina Administrativa, do Servizo de Deportes -persoal do extinto Instituto Municipal dos Deportes, cód. 611, do Capítulo I do orzamento do presente ano- (código retributivo 622), a Tesourería Municipal-Negociado de Nóminas, (código de servizo 542), onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado, a Tesourería Municipal -Negociado de Nóminas- (código 542), con efectos económicos e administrativos do 01/03/2016.

Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de xefe/a Oficina Administrativa, do Servizo de Deportes -persoal do extinto Instituto Municipal dos Deportes, cód. 611, Deportes-, a Tesourería Municipal-Negociado de Nóminas, (código de servizo 542), debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado/a, Servizo de Deportes, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social), Planificación e Organización, Intervención Xeral Municipal e, Comité de Persoal, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

12(194).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO)”. EXPTE. 3517/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto informe de fiscalización do 12/02/16 e xurídico do 22/02/16, dáse conta do informe-proposta do 24/02/16, do técnico de xestión-Dirección de Ingresos, conformado polo xefe de área de Servizos Xerais, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“I.- ANTECEDENTES:

1.- Con data 23 de decembro de 2010, tivo lugar a recepción da obra “Instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento e saneamento e mellora da eficiencia lumínica na Rúa Tomás Alonso. Expte. 2586/443”.

No transcurso do prazo de garantía, detectouse deficiencias nas obras como consecuencia dunha mala execución. Con data 6 de xuño a Xunta de Goberno Local require á empresa adjudicataria para que arregle as deficiencias encontradas, ou en caso contario o Concello procedería á execución subsidiaria coa incautación da garantía aportada no seu momento.

Dado que o contratista non iniciou os traballos de reparación das deficiencias no prazo concedido, iniciouse o procedemento de execución subsidiaria con incautación da garantía definitiva das obras para proceder á subsanación das deficiencias, polo cal por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do 14 de agosto de 2014, entre outros asuntos acordouse:

Primeiro.- Incautar a garantía definitiva constituída por Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. para responder do correcto cumprimento do contrato de obras de “instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica da rúa Tomás A. Alonso (curva de San Gregorio)”, a consecuencia do incumprimento de obrigacións contractuais consistente na non subsanación das deficiencias derivadas da mala execución das obras detectadas durante o prazo de garantía requirida por acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2014.

Segundo.- Executar subsidiariamente, con cargo ao importe da garantía definitiva incautada constituída por Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. mediante aval bancario, os traballos necesarios para o arranxo das deficiencias detectadas nas devanditas obras.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de setembro de 2015, entre outros asuntos acordou:

Aprobar o proxecto "REPARACIÓNS DISCONTINUAS DA CALZADA NA RÚA TOMÁS ALONSO (CURVA SAN GREGORIO), redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. LUIS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO, D. ÁLVARO CRESPO CASAL e o ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS, D. JORGE MUÑOZ RAMA, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E OITO MIL SETECENTOS CINCO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (98.705,63 €) e un prazo de execución de DOUS meses.

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado da Area de Fomento de data 14 de outubro de 2015 a dar inicio do correspondente expediente de contratación.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente que consta anexado no expediente 3095-443 no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle indicación expresa da adecuación do mesmo á normativa sexual e sectorial, así como a adecuación á normativa técnica de aplicación.
- b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento e o Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos en data 15 de outubro de 2015.
- c) Prego de Prescripcións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vilar Montoro e incluído no proxecto recollido no expediente 3.095-443.
- d) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 1 de decembro de 2015.
- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 16 de decembro de 2015
- f) Informe-proposta favorable do servizo xestor de data 29 de decembro de 2015
- g) Informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 28 de xaneiro de 2016 con observacións.
- h) Á vista das obsevacións da Intervención Xeral e atendendo ás mesmas, a Xefa do Servizo de contratación emitiu novo Prego de Cláusulas administrativas de data 1 de febreiro de 2016, no que se realizan unhos cambios no PCAP.
- i) Emítese informe da Intervención Xeral de data 12 de febreiro de 2016. O mesmo é de conformidade, facéndose a observación de que sería conveniente recoller a conformidade cos mesmos da Asesoría Xurídica.
- j) Á vista do informe da Intervención remítese novamente á Asesoría Xurídica municipal que emite informe favorable de data 22 de febreiro de 2016 aos cambios realizados no PCAP.

2. Condición definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O proxecto formula a reparación das zonas danadas de xeito discontinuo do firme da rúa Tomás Alonso, procedendo á substitución das zonas afectadas. De maneira xeral procederase a fresar ou demoler as zonas con desperfectos, cortando en trazos rectos con radial o seu perímetro.

Nas zonas onde a base esté afectada, se procederá a súa demolición e escavación do terreo ata unha profundidade aproximada dun (1) metro; uns 50 centímetros do recheo será

con solo material seleccionado compactado ao 95 % do proctor modificado ou ao 100 % do proctor normal, en tongadas non superiores de 30 centímetros. Sobre esta capa estenderase unha capa de 25 centímetros de espesor de zahorra artificial debidamente compactada e na cota superior desta estenderase unha soleira de formigón HM-20 con fibras de polipropileno de 25 cm de espesor, formando as súas correspondentes xuntas tanto a de dilatación como a de construción.

Finalmente está prevista unha capa de rodadura a base dunha mestura bituminosa en quente tipo AC Surf 50/70 de 7 cm de espesor con seu correspondente rego de imprimación e adherencia.

Nas zonas onde non esté afectada a base, só se fresará a superficie do aglomerado asfáltico, ata un máximo de 7 cm de espesor e se repoñerá a capa de rodadura coas características xa mencionadas.

Por último mencionar que o proxecto contempla a instalación dunha tubería de drenaxe de 150 milímetros de diámetro envolto en xeotéxtil e grava, coa correspondente conexión aos pozos de rexistro de pluviais.

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o proxecto.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

Tendo en conta o obxecto do contrato, proponse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, e por tramitación ordinaria.

c.- Orzamento base de licitación.

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está determinado en base ao proxecto de acordo cos seguintes datos:

O orzamento base de licitación establecece nun importe de NOVENTA E OITO MIL SETECENTOS CINCO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (98.705,63 €) (ive incluído), correspondendo ao IVE o importe de DEZASETE MIL CENTO TRINTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS. (17.130,73) €, de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vicente Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA con data agosto de 2015.

O valor estimado do contrato estipulase en NOVENTA E SETE MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (97.889,88 €).

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 “CONSERVACIÓN DE VIAIS E ESPAZOS PUBLICOS”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establece-se tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, cumprindo a exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En relación a memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa “natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse vicunladas directamente incautación da garantía consituída por Sercocsa, proyectos y obras, S.A.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d) “infraestructuras viarias e outros equipamentos da súa titularidade”.

3.- Criterios de valoración e xustificación.

De acordo coas peculiaridades específicas do obxecto do contrato –a actuación exclusivamente de reparación do firme da Rúa Tomás Alonso- para subsanar as deficiencias derivadas da mala execución das obras de “instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica da rúa Tomás A. Alonso (curva de San Gregorio)”, se utilizarán unicamente criterios que teñán unha referencia directa co obxecto do contrato e se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas como son a minoración do prezo do contrato sobre o orzamento base de licitación e o incremento do prazo de garantía sobre o prazo mínimo contemplado no PCAP.

3.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA. Os criterios avaliábles mediante fórmula terán unha puntuación máxima de 80 puntos que serán distribuídos nos seguintes criterios:

Polo exposto, os criterios elixidos para a avaliación mediante fórmula son:

- O prezo do contrato en relación a minoración sobre o orzamento base de licitación.
- O incremento do prazo de garantía sobre o prazo mínimo contemplado no PCAP.

3.1.1.- Prezo ofertado. O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA (70) puntos aplicándose esta puntuación en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

- O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación o prezo ofertado polo licitador (en euros).

3.1.2.-Prazo de garantía. Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos a ampliación do prazo de garantía da obra e dos elementos que a conforman, respecto do mínimo esixido no proxecto que establecese en 12 meses.

Os criterios avaliados mediante fórmula se valoraran de acordo ao establecido nas FEC (8.C)

Para a determinación de valores anormais ou desproporcionados estárase ao establecido nas FEC (8.D).

4.- Revisión de prezos.

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos, dado que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

5.- Prazo de garantía.

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende a acta de recepción das obras.

6.- Esixencia de Clasificación.

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato, pero pode acreditar a solvencia económica e financeira e técnica acreditando as clasificacións no GRUPO G 6 b (equivalencia con G 6 1 segundo o RD 773/2015, de 28 de agosto, por el que se modifican determinados preceptos del Regulamento Xeneral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por el RD 1098/2001, de 12 de outubro.

7.- Subcontratación.

Considerase oportuno a autorización da subcontratación co límite máximo do 50 %.

8.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación aos seguintes criterios:

3.1.- Aspectos a modificar: As unidades de obra de firmes e pavimentos.

3.2.- Circunstancias que determinan a modificación: Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas ou novas deficiencias no ámbito de estudio, xurdidas con posterioridade a data de redacción do proxecto.

3.3.- Límites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

3.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

9.- Responsable do Contrato.

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

10.- Seguro.

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 600.000,00 €.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para a financiación das obras, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "Reparacións discontinuas da Calzada na Rúa Tomás Alonso (Curva San Gregorio).

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 1 de febreiro de 2016.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de 98.705,63 €, sendo o importe correspondente ao IVE de 17.130,73 €. A financiación das obras será con cargo á partida 1532.210.00.00. "Conservación de viais e espazos públicos". O valor estimado do contrato estipúlase en NOVENTA E SETE MIL OITOCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (97.889,88 €)

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(195).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A JUAN JOSÉ AGUIRRE RODRÍGUEZ. EXPTE. 8789/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/02/16, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, asinado pola xefa de Asesoramento Xurídico e polo xefe dos Servizos Centrais da XMU, conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

"I.- Antecedentes e motivación.

Como consecuencia da xubilación do enxeñeiro de camiños do Concello de Vigo, D. Sergio González Prada, que prestaba servizos nesta Xerencia Municipal de Urbanismo no posto de Xefe dos Servizos Técnicos, con data 4 de maio de 2015 a Vicepresidente deste Organismo Autónomo resolveu:

"1º) Encomendar a D. Juan Aguirre Rodríguez, Xefe Urbanizacións-Infraestructuras, as funcións desenvoltas polo anterior Xefe dos Servizos Técnicos, en especial as referidas á representación e supervisión municipal das seguintes obras públicas:

- Construción da EDAR do Lagares, construción do novo emisario submarino e da liña de alta tensión da nova subestación eléctrica.
- Construción da infraestrutura ferroviaria do eixo atlántico de alta velocidade e da nova estación de Vigo-Urzáiz.
- Construción das obras de mellora das comunicacións do entorno do aeroporto de Vigo-Peinador, incluída a construción da nova pasarela peonil até o IFEVI e as actuacións na A-55.
- Construción do Novo Hospital de Vigo (NHV) en Beade, así como as novas dotacións, infraestruturas e servizos urbanísticos necesarios para a súa funcionalidade e conexión co entramado viario do municipio.
- Implantación de novas infraestruturas eléctricas no entorno de Balaídos, incluída a construción da nova subestación eléctrica soterrada e blindada de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

2º) *Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión dun complemento de produtividade de 404,47 € ó mes, con efectos do día 20 de novembro de 2014 (data da xubilación do titular do posto de “xefe de Servizos Técnicos” desta Xerencia de Urbanismo e na que comenza o desenvolvemento das devanditas funcións por orde do superior xerárquico)."*

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 22 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Autorizar un complemento de produtividade, a favor de D. Juan Aguirre Rodríguez, xefe de Urbanizacións e Infraestruturas da Xerencia Municipal de Urbanismo, por importe de 404,47 euros, que se liquidará previa constatación da realización efectiva das funcións encomendadas e ata o 31 de decembro de 2015”.

Con data 4 de xaneiro de 2016, a xefa da Área Técnica desta Xerencia de Urbanismo, co conforme do Xerente de Urbanismo, en relación con esta encomenda informa:

“Dita encomenda de funcións a D. Juan José Aguirre Rodríguez, que se compatibiliza coas tarefas propias do seu posto de xefe de Urbanizacións e Infraestruturas desta Xerencia de Urbanismo (esencialmente labores de control técnico dos proxectos de urbanización nas súas fases de redacción, execución e recepción, así como a participación no control da edificación na súa afectación ós viarios e servizos públicos), tense que manter no tempo e ademais debe incrementarse a encomenda pola súa necesaria participación nas labores de redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, unha vez anulado xudicialmente o ata agora vixente.

A realización das tarefas indicadas, require dun especial interese, iniciativa e esforzo por parte do Sr. Aguirre Rodríguez, así como a prestación ocasional de servizos extraordinarios fóra do horario de traballo, polo que procede que se lle siga recoñecendo ó citado funcionario un suplemento retributivo, estudando a procedencia do seu incremento como consecuencia das novas encomendas e sempre buscando a equiparación das súas retribucións coas do xubilado en novembro de 2014 “xefe dos Servizos Técnicos”. Todo elo en tanto dure a encomenda sinalada ou se dote con persoal cualificado na materia a esta Xerencia de Urbanismo.”

Esta especial dedicación e asunción de funcións evita adscribir novo persoal a esta Xerencia, maximizando a efectividade dos recursos existentes e provocando un aforro no capítulo 1º do Orzamento Consolidado deste Concello de Vigo (toda vez que o posto de

“xefe dos Servizos Técnicos” figura na relación de postos de traballo do Concello de Vigo como adscrito a este Organismo Autónomo).

Trátase, en consecuencia, de recoñecer e encomendar novas funcións non previstas nos cometidos propios do posto 422.02 desta Xerencia de Urbanismo de “Xefe Urbanizacións-Infraestruturas”, en tanto non se estude a necesidade ou non da modificación da relación de postos de traballo (tanto da propia do Organismo Autónomo como a da entidade matriz, polo que se refire ó persoal adscrito).

Na actualidade, a relación de postos de traballo aprobada pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 27 de setembro de 2013, e publicada no BOP de 13 de novembro de 2013 (núm.218, páx.54), establece o seguinte contido deste Servizo, integrado no Departamento de Desenvolvemento:

3.2.- DEPARTAMENTO DE DESENVOLVEMENTO (420-423).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	OBSERVACIÓNS
422.02	Xefe Urbanizacións-Infraestructuras	1	
422.03	Enxeñeiro técnico Obras Públicas	1	1 VACANTE (OEP 2010 libre) *

* Na actualidade a praza está dotada por funcionario en propiedade.

O complemento retributivo mensual proposto, de acordo coa Xefatura e a Vicepresidencia desta Xerencia de Urbanismo, é de 515,25 €/mes. Dito complemento calculouse coa diferenza entre o complemento específico mensual asignado ó posto de “xefe de Urbanizacións e Infraestruturas” (código 650, cun importe de 1.608,67 euros/mes) e o complemento específico mensual asignado ó posto de “xefe dos Servizos Técnicos” (código 625, cun importe de 2.123,95 euros/mes), en función da especial responsabilidade e dificultade técnica asumida e das funcións encomendadas e desenvoltas polo anterior xefe dos Servizos Técnicos.

II.- Fundamentación xurídica.

A atribución temporal de funcións está contemplada polo artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado. Este Real Decreto estatal é de aplicación supletoria para a Administración Local.

Segundo as vixentes instrucións de plantilla do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas por Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 220 de 16 de novembro de 2010, “con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e a iniciativa con que desempeñan as súas funcións”.

Estas instrucións engaden que “o outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.
- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.”

As propias instrucións de plantilla do Concello de Vigo prevén que o complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por... “2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente”.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento lexislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 23. Un. E) da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 (BOE nº 260 de 30 de outubro) que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

III.- Proposta.

De conformidade co antedito proponse que ó Consello da Xerencia eleve á Xunta de Goberno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción do seguinte acordo:

“1º) Manter a encomenda a D. Juan Aguirre Rodríguez, Xefe Urbanizacións-Infraestruturas, as funcións desenvoltas polo anterior Xefe dos Servizos Técnicos, en especial as referidas á representación e supervisión municipal das seguintes obras públicas:

- Construción da EDAR do Lagares, construción do novo emisario submarino e da liña de alta tensión da nova subestación eléctrica.
- Construción da infraestrutura ferroviaria do eixo atlántico de alta velocidade e da nova estación de Vigo-Urzáiz.
- Construción das obras de mellora das comunicacións do entorno do aeroporto de Vigo-Peinador e do IFEVI e as actuacións na A-55.
- Hospital de Vigo (NHV) en Beade, así como as novas dotacións, infraestruturas e servizos urbanísticos necesarios para a súa funcionalidade e conexión co entramado viario do municipio.

- *Implantación de novas infraestruturas eléctricas no entorno de Balaídos, incluída a construción da nova subestación eléctrica soterrada e blindada de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.*

2º) Encomendarlle, así mesmo, a participación nas labores de redacción do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal en materia de urbanizacións e infraestruturas.

3º) Conceder un complemento de produtividade de 515,25 € ó mes, que se liquidará previa constatación da realización efectiva das funcións encomendadas e ata o 31 de decembro de 2016.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 26/02/16, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o precedente informe para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(196).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A DAVID GONZÁLEZ COLLAZO. EXPTE. 8790/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/02/16, dáse conta do informe-proposta do 18/02/16, asinado pola xefa de Asesoramento Xurídico e polo xefe dos Servizos Centrais da XMU, conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

“I.- Antecedentes e motivación.

Con data 4 de maio de 2015 a Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

“1º) Encomendar a D. David González Collazo (auxiliar administrativo), adscrito ó Servizo de Vivenda e PMS desta Xerencia Municipal de Urbanismo, as seguintes funcións:

1.- En relación coas vivendas municipais en venta da rúa República Argentina nº 12-14:

- *Labores en relación co alleamento das vivendas pendentes de adxudicación.*
- *Xestión e seguimento das deficiencias e reparación das vivendas (en relación coa comunidade de propietarios, no seu caso), tanto antes como despois da formalización dos alleamentos.*
- *Recepción das queixas e dúbidas dos compradores das vivendas municipais, en especial durante a fase de posta en funcionamento das instalacións.*

2.- En relación coas vivendas municipais da rúa Teixugueiras nº 15-17: atención aos inquilinos e comodatarios destas vivendas municipais, incluído o seguimento de estado das instalacións.

3.- En relación coas vivendas municipais da estrada de Camposancos nº 317 (As Roteas) e da rúa Anduriña nº 5: xestión e seguimento das obras de instalación e reparación destas vivendas, que serán precisas para a resolución do procedemento de realoxo dos expropiados da Cidade da Xustiza.

2º) *Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión dun complemento de produtividade de 147,27 € ó mes, con efectos do día 10 de marzo de 2015 (data na que se acredita o desenvolvemento das devanditas funcións)."*

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 22 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:

"Autorizar un complemento de produtividade, a favor de D. David González Collazo, auxiliar administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, por importe de 147,27 euros, que se liquidará previa constatación da realización efectiva das funcións encomendadas e ata o 31 de decembro de 2015".

Neste exercicio 2016 David González Collazo segue realizando as mesmas funcións que o ano pasado, con maior dedicación si cabe polo cese voluntario en xullo de 2015 do Técnico de Administración Xeral adscrito á Oficina de Vivenda e PMS. Debe manterse, por tanto, a encomenda de funcións e o aboamento do complemento de produtividade que, coa subida do 1%, pasa a 148,74 euros ó mes (importe correspondente á diferenza entre as retribucións complementarias dun administrativo e dun auxiliar administrativo).

Esta especial dedicación e asunción de funcións evita adscribir novo persoal a esta Oficina, maximizando a efectividade dos recursos existentes. Trátase, pois, de recoñecer e encomendar novas funcións non previstas nos cometidos propios do posto de auxiliar administrativo, propoñendo o recoñecemento dun complemento retributivo de produtividade, en tanto se desenvolvan ditas funcións e sen prexuízo de que no futuro se estude a modificación dos postos asignados ó Servizo de "Vivenda e PMS".

Na actualidade a relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 27 de setembro de 2013 e publicada no BOP de 13 de novembro de 2013 (núm.218, páx.54), establece o seguinte contido deste Servizo, dependente directamente da Xefatura:

1.1.- SERVIZO: VIVENDA E PMS (401)

<i>CDG</i>	<i>DENOMINACION POSTO</i>	<i>Dot</i>	<i>OBSERVACIÓNS</i>
<i>401.01</i>	<i>Xefe Vivenda e PMS</i>	<i>1</i>	<i>VACANTE</i>
<i>401.03</i>	<i>Administrativo</i>	<i>1</i>	<i>1 posto ocupado por aux.adm</i>

II.- Fundamentación xurídica.

A atribución temporal de funcións está contemplada polo artigo 66 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado. Este Real Decreto estatal é de aplicación supletoria para a Administración Local.

Segundo as vixentes instrucións de plantilla do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas por Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 220 de 16 de novembro de 2010, "con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá única e

exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e a iniciativa con que desempeñan as súas funcións”.

Estas instrucións engaden que “o outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

- Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.*
- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.”*

As propias instrucións de plantilla do Concello de Vigo prevén que o complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por... “2. Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente”.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento lexislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 23. Un. E) da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 (BOE nº 260 de 30 de outubro), que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

III.- Proposta.

De conformidade co antedito proponse que ó Consello da Xerencia eleve á Xunta de Goberno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción do seguinte acordo:

“1º) Manter a encomenda a D. David González Collazo (auxiliar administrativo), adscrito ó Servizo de Vivenda e PMS desta Xerencia Municipal de Urbanismo, as seguintes funcións:

1.- En relación coas vivendas municipais en venda da rúa República Argentina nº 12-14:

- Labores en relación co alleamento das vivendas pendentes de adxudicación.*
- Xestión e seguimento das deficiencias e reparación das vivendas (en relación coa comunidade de propietarios, no seu caso), tanto antes como despois da formalización dos alleamentos.*
- Recepción das queixas e dúbidas dos compradores das vivendas municipais, en especial durante a fase de posta en funcionamento das instalacións.*

2.- *En relación coas vivendas municipais da rúa Teixugueiras nº 15-17: atención aos inquilinos e comodatarios destas vivendas municipais, incluído o seguimento de estado das instalacións.*

3.- *En relación coas vivendas municipais da estrada de Camposancos nº 317 (As Roteas) e da rúa Anduriña nº 5: xestión e seguimento das obras de instalación e reparación destas vivendas, que serán precisas para a resolución do procedemento de realoxamento dos expropiados da Cidade da Xustiza.*

2º) *Conceder un complemento de produtividade de 148,74 € ó mes, que se liquidará previa constatación da realización efectiva das funcións encomendadas e ata o 31 de decembro de 2016”.*

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión ordinaria do 26/02/16, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o precedente informe para a súa resolución.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(197).- MODIFICACIÓN DA VIXENTE RPT- POSTO DE TRABALLO “XEFE/XEFA DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS· E REDIMENSIONAMENTO DO MESMO EN ÁREA FUNCIONAL DE RECURSOS HUMANOS (RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS). EXPTE. 70/105.

Dáse conta do informe-proposta da xefa das áreas da Tenencia da Alcaldía de data 25/02/16, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

I.-

En instrucción do servizo de data 04/12/2015 o Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal acordou:

Primeiro.- Ordenar, ao abeiro do disposto no artigo 165.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) a incoación de expediente administrativo para o sometemento a Xunta de Goberno Local de proposta de reestructuración organizativa e funcional do Servizo de Recursos Humanos, dependente actualmente da Área de Réxime Interior, concretado no redimensionamento da actual xefatura do Servizo, creando un Área funcional específica, de nova creación, denominada Área de Recursos Humanos e Formación, diferenciada da Área de Réxime Interior, segundo o contido na memoria organizativa solicitada á xefatura do Servizo e emitida en data 23/09/2015, efectuando as modificacións da relación de postos de traballo tendentes á adaptación retributiva e funcional do posto de traballo existente na RPT con código 220,01 “xefe/a servizo Recursos Humanos”, código retributivo 625, titulación académica 1, en posto de traballo de mesmo código 220,01, denominado “xefe/a Área de Recursos Humanos e

Formación”, código retributivo 615, titulación académica 6, ao obxecto de dar cumprimento aos aspectos estratéxicos definidos por esta concellería.

Segundo.- Designar puntualmente como instrutora do presente expediente á funcionaria municipal D^a M^a Marta Riobó Ibáñez, con nº de persoal 76.267, xefa do Servizo das Áreas de Tenencia do Concello, á vista da situación de incapacidade temporal (IT) da funcionaria adscrita á Xefatura da Área de Réxime Interior.

Terceiro.- Ordenar a máxima prioridade na tramitación do expediente indicado, a efectos de que a reestructuración organizativa e funcional indicada surta plenos efectos o día 01/01/2016, data de integración efectiva do persoal procedente dos organismos autónomos Vigozoo, EMAo e IMD na plantilla do Concello de Vigo”.

II.-

Formulada proposta de resolución en data 14.2.15 e á vista do informe de fiscalización, en data 22.12.2015 emítase ampliación de informe no cal literalmente se indica que:

“...-Os criterios seguidos aos efectos da cuantificación do novo complemento específico proposto para a Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, toma como referencia os complementos existentes e vixentes na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, por analogía no suposto das xefaturas de Área existentes no Concello, que dispoñen do C.E. 615, dado o seu carácter transversal na organización e dada a ausencia de singularización dos ditos postos de traballo segundo as vixentes guías de funcións dos postos anexas á RPT. Tampouco existe desagregación factorial ou asignación reglada xeral de puntos porcentuais na configuración das retribucións complementarias dos postos de traballo no ámbito do Concello de Vigo, sen prexuízo de que poda resultar recomendable abordar un estudo exhaustivo, calendarizado a través de un plan de recursos humanos de carácter plurianual dado o elevado número de postos de traballo existentes, a racionalización e modernización dos instrumentos internos de xestión da APT e VPT (análise e valoración de postos de traballo) con carácter global para a totalidade dos postos existentes na organización municipal.

Por tanto, o criterio utilizado para a determinación das áreas funcionais de nova creación é o da aplicación analóxica das retribucións complementarias asignadas pola RPT ás restantes xefaturas de área existentes no Concello de Vigo.

-En canto á oportunidade de creación da Áreas de Recursos Humanos e Formación, indícase que a potestade de autoorganización que corresponde ás entidades locais ten sido exercida pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, no ámbito competencial que ten atribuído por Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015. Da lectura do contido da documentación obrante no expediente administrativo a motivación da procedencia de creación dos ámbito proposto, dende unha perspectiva estritamente organizativa e funcional, ten apoio, motivación e cobertura suficiente aos efectos requeridos no marco legal vixente, sendo unha necesidade urxente o redimensionamento e reestructuración de servizos de carácter eminentemente transversal, como é o servizo proposto, en xusta armonía coas necesidades funcionais dunha organización de envergadura e dimensións como é Concello de Vigo.

Por tanto, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, emítase a presente ampliación de informe, remitíndose novamente á Intervención Xeral o expediente de referencia, aos efectos de que se fiscalice de conformidade ou se manifeste a disconformidade ao mesmo.”

III.-

En data 23/12/2015 emítase informe favorable de conformidade á proposta de acordo efectuada, debendo indicarse que en data 07/01/2016 foi sometida a negociación colectiva cos sindicatos, segundo acta da mesma data incorporada ao expediente, sen que conste a presentación de alegacións ao respecto, segundo dilixencia do Secretario da Mesa de data 12/01/2016.

IV.-

A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria de data 15.01.16, acordou:

“Primeiro.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto ao posto de traballo código 220,01 “xefe/a servizo Recursos Humanos”, código retributivo 625, titulación académica 1, que pasará a denominarse “xefe/a Área de Recursos Humanos e Formación” código retributivo 615, titulación académica 6, a fin de iniciar o proceso de reestructuración organizativa e funcional interno na xestión de recursos humanos.

Segundo.- Acordar o sometemento a información pública por un prazo de 20 días, contados dende a data de aprobación, do presente expediente de modificación puntual da RPT, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, transcurrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non se plantexarse reclamacións, desplegando efectos económicos e administrativos o presente acordo unha vez remate o período indicado.

Terceiro.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar cumprimento á modificacións puntual acordada, con cargo á partida orzamentaria “Fondo de regularización retributiva”, nos termos do indicado nos apartados anteriores.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao Servizo de Recursos Humanos, á Xefatura da Área de Réxime Interior, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral e Intervención Xeral para coñecemento e efectos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

V.-

Sometido o expediente a información pública no taboleiro de edictos do Concello e BOP da provincia de Pontevedra, de data 26.01.16 durante 20 días hábiles, presentouse unha alegación por d. Dámaso Pena González, secretario xeral do Sindicato Independiente do Concello de Vigo, e na súa suposta representación, (non se acredita nin a competencia para presentar alegacións no nome do SICO, nin a autorización ou poder outorgado polo Comité do citado Sindicato para formula a alegación na súa representación, art 13 ETT SICO) .

As alegacións, sucintamente e no que a este expediente trascende, fundaméntanse nos seguintes argumentos :

-A modificación supón a creación de novos postos de traballo que respostan a unhas

denominacións, atribúllendoselles novas funcións, novas responsabilidades e un novo réxime retributivo, omitíndose calquer referencia ó sistema de provisión dos postos con carácter definitivo, con infracción do disposto nos arts. 37.1, 38.4.c e 88.1 LEPG, en correlación cos artigos 202 e 205 da mesma e arts. 73 e 74 Rdl 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR EBEP, sendo obrigado que se teña establecido o réxime de provisión dos postos. Califica de “radicalmente contraria a la ley aplicable” (art. 92 LEPG) el sistema de “libre designación”, de ser este el previsto.

-Sinala que non se aclara no expediente a solución xurídica para cubrir transitoriamente os postos, citando unha Sentencia da Sala do Contencioso-administrativo do TSX Cantabira, de data 09.11..2007.

-Indica asemade que non se razona no expediente de qué concretos vectores de avaliación dos que foron tidos en conta na valoración de 2010 resultan alterados coa nova reorganización.

-Indica que no expediente non se fixa a estrutura organizativa de natureza xerárquica que debe culminar na xefatura da área.

-Acaba solicitando se deixe sen efecto o expediente, en canto:

- Non se identifica a forma de provisión definitiva dos novos postos creados
- Non se identifican os parámetros de valoración considerados para modificar os salarios
- Non se especifica a relación de funcionarios, servizos e negociados que dependerían xerárquicamente dos postos singularizados creados
- Non se especifican os requisitos de titulación
- Non se xustifican os postos de traballo que serviron de comparación funcional cos postos transformados para presumir a identidade de funcións entre ambos, con infracción do art 137.2º LEPG

Co fin de continuar coa tramitación do expediente de modificación puntual da RPT, e de avaliar as alegacións presentadas, emítense o seguinte

INFORME

I.-Normativa de aplicación

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común
- Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)
- Circular 1/2015, da Secretaría da Xunta de Goberno Local e Nota explicativa á mesma emitida polo mesmo órgano.

II.- Estudio das alegacións

En relación coa **identificación da forma de provisión dos postos**, de conformidade co previsto no art 74 TREBEP, aplicable como norma básica segundo arts 1 e 2 ás administracións das entidades locais, “Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos”. No mesmo senso, o art

202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, de aplicación no que proceda, no termos do artigo 7, ás entidades locais galegas, de conformidade co artigo 4.1 das mesma, recolle a potestade de contemplar, ben a través da RPT ou doutro instrumento similar, unha relación, catálogo dos postos por parte do Concello de Vigo.

A RPT do Concello de Vigo aprobouse pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 09.04.10, sen prexuízo das modificacións puntuais tramitadas. A reorganización que se instrúe neste expediente é unha mera reconfiguración dun posto, cúa forma de provisión será a libre designación, tal e como establece o anexo da propia RPT aprobada e publicada, BOP de Pontevedra num. 22 de data 16.11.2010 : “ a forma de provisión normal será o concurso, pero as xefaturas de unidades ou servizos de nivel 26 ou superior e os postos de especial responsabilidade e confianza provistaranse mediante libre designación”.

A maior abastanza, a libre designación é a forma de provisión de tódalas xefaturas de área da RPT do Concello de Vigo, sendo radicalmente falso que a LEPG prohíba a través do precepto núm. 92 a utilización deste sistema de provisión; a contrario sensu, o citado artigo posibilita que “aqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo”, se podan proveer polo procedemento de libre designación.

En todo caso, a para maior claridade, nada obsta a que se inclúa na proposta de reconfiguración e no seu caso, acordo que se adopte a forma de provisión.

En canto ós **parámetros de avaliación considerados para establecer as retribucións do posto**, indicar que se trata dos mesmos parámetros que incorpora a vixente RPT segundo procedemento de avaliación negociado en Mesa xeral de Negociación realizada en data 18.9.2010, segundo acta que se xunta ó expediente, acordo que debe coñecer o recurrente en canto participou na decisión tomada naquela xuntanza en calidade de presidente do Comité de Persoal do Concello de Vigo, sen que se incorporen novos criterios de avaliación na mera reconfiguración que neste tempo se propón. Xa que logo estase a aplicar retribucións aprobadas en postos xa avaliados segundo acordos cos sindicatos con representación no Concello de Vigo, sendo o recurrente pleno conecedor da avaliación efectuada, ó ter participado activamente nas negociacións ó efecto desenvolvidas, na súa condicións entón de Presidente do Comité de Persoal deste Concello.

Respecto á **especificación da nova estrutura** asociada ó posto da Xefatura da Área de recursos humanos e formación, sinalar que se propondrá no seu momento procesal, unha vez creada a Área. Lémbrese o artigo citado polo propio secretario xeral do SICO, art 74 TREBEP referente ó contido das RPT, “... comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias...” Nada obsta a que nun momento posterior se deseñe a estrutura funcional da Área acordada, e así consta na proposta e acordo tomado en data 15.01.16 “...constituindo o redimensionamento indicado o punto de partida para a efectiva reorganización interna da Área”

Tampoco se comparte a tacha de **falta de especificación de requisitos de titulación**. De conformidade co acordo da Xunta de Goberno de reconfiguración do posto, a titulación académica é “6”, isto é segundo previsto no Anexo da RPT do Concello de Vigo, licenciado en dereito.

Por último, respecto á **xustificación dos postos de traballo que serviron de comparación funcional** cos postos transformados, para presumir a identidade de funcións, con infracción do artigo 137.2 LEPG, insistir en que os postos de Xefatura de área non son singularizados, polo que ó posto que se modifica lle corresponden con carácter xeral, as atribucións e funcións que se derivan da dirección da área e dos servizos, departamentos, seccións e unidades que esta

inclúa, e que se definen na Guía de Funcións do Concello de Vigo.

En canto á necesidade deste posto da Xefatura da Área RRHH, sinalar que a vixente RPT considera esta Área de Recursos Humanos e Formación coma un mero servizo nominado de "Recursos humanos", dentro da Área de goberno de xestión municipal, e dependente da Área de Réxime Interior, tendo por tanto esta última integrada no seu ámbito funcional ó Servizo de RRHH, en equivalencia a outros servizos como o de Conserxería, Arquivo e Rexistro, a pesares de ter un carácter diferente alomenos, en atención a súa transversalidade interdepartamental.

A estrutura administrativa do Servizo de RRHH a conforman os efectivos seguintes:

- 1 técnico superior de Administración Especial,
- 1 administrativo xefe de negociado,
- 2 administrativas de administración xeral e
- 2 auxiliares,
- O Servizo propio de Prevención de Riscos Laborais, que conta con 2 técnicos medios en PRL.

Correspóndelle ó Servizo de Recursos humanos, de carácter fundamentalmente transversal dentro da organización municipal, a xestión de tódalas accións relacionadas co planificación e xestión de recursos humanos do Concello de Vigo, con mais de 1300 empregados públicos, ós que se teñen unido a súa plantilla con efectos 01.01.16 , o persoal dos suprimidos Organismos autónomos, IMD, EMAD, e Vigozoo, estando prevista a integración da Xerencia municipal de Urbanismo¹.

Co fin de desenvolver funcións de coordinación interdepartamental na materia de recursos humanos, e desenvolver funcións directivas técnico-xurídicas especializadas, razóns non somentes de oportunidade, senón de eficiencia, evidencian a necesidade de creación da nova Área de RRH e Formación, separada e con autonomía en canto ó funcionamento interno da Casa Consistorial , (Réxime Interior) e asumindo as responsabilidades propias dunha Xefatura dunha Área.

Este novo escenario organizativo é consecuente con Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía, de data 19.06.15, no que se estrutura, entre outras, a Área de executiva de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, con especificación das competencias en materia de Recursos humanos e Persoal separadamente das competencias en materia de Réxime interior, na que se recollen os servizos de Estadística, Rexistro Xeral, Arquivo e Conserxería.

En resume, a xustificación dos postos de traballo que serviron de comparación funcional cos postos transformados, para presumir a identidade de funcións, serían as propias Xefatura de área, correspondéndolle á de RRHH e Formación as mesmas que ás outras Áreas, en canto non estamos ante postos singularizados, é dicir, con carácter xeral, as atribucións e funcións que se derivan da dirección da área e dos servizos, departamentos, seccións e unidades que esta inclúa, e que se definen na Guía de Funcións do Concello de Vigo. contemplándose funcións de planificación, coordinación, organización, control e seguimento dos mesmos, segundo Guía de funcións do Concello de Vigo, e especificamente:

-Asumir o papel de nexo de comunicación entre as unidades do Concello que forman parte da

¹Datos segundo cadro de personal presupuestario para o ano 2014, expediente nº 24.876/220

área da que é responsable e o goberno municipal, favorecendo unha axeitada coordinación entre eles.

-Asumir todas aquelas funcións que lle sexan requiridas polo responsable político da área

-Asumir todas aquelas funcións que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán,

-Asumir o liderado da área da que é responsable, exercendo funcións de natureza directiva, en concreto, as seguintes:

ºAsumir a xestión estratéxica da área,

Asumir a xestión organizativa da área,

-Promover a comunicación interna e externa da área e dos servizos, departamentos, seccións e unidades nos que estea estruturada,

-Promover unha cultura de mellora continua dentro da área,

-Asumir as funcións relacionadas coa planificación, seguimento e control da actividade da área,

-Asumir funcións relacionadas coa xestión dos recursos humanos da área,

-Asumir funcións relacionadas coa xestión económica da área,

-Asumir funcións relacionadas coa xestión documental e de expedientes da área,

-Participar na elaboración da normativa do Concello,

-Manter relacións con entidades e organizacións externas que estean vinculadas á actividade da área,

-Supervisar a xestión e planificación dos recursos cos que conta a área

Todo isto sen prexuízo da dirección especializada na materia propia da Área

III-Procedemento

Segundo previsto no apartado 2 do art 202 da Lei de emprego público de Galicia, a modificación puntual proposta tras o trámite de información pública por un prazo de 20 días , deberá ser objeto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas.

IV.- Competencia

O órgano competente para a aprobación da RPT e das súas modificacións é a Xunta de Goberno local, segundo o artigo 127,1, h) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Xa que logo, ao abeiro das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data, e de conformidade coa Instrucción de servizo de data 04.12.15, sométese á Xunta de goberno local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Desestimar, polos fundamentos xurídicos sinalados na parte dispositiva da presente, as alegacións presentadas por d. Dámaso Pena González, contra o acordo da Xunta de Goberno local de data 15.01.2016, polo que se aproba inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto ao posto de traballo código 220,01 “xefe/a servizo Recursos Humanos”, código retributivo 625, titulación académica 1, que pasará a denominarse “xefe/a Área de Recursos Humanos e Formación” código retributivo 615, titulación académica 6, forma de provisión LD, ao fin de iniciar o proceso de reestructuración organizativa e funcional interno na xestión de recursos humanos.

Segundo.- Remitir copia ós órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, debendo publicarse íntegramente no boletín oficial da provincia.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao Servizo de Recursos Humanos, á Xefatura da Área de Réxime Interior, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral e Intervención Xeral para coñecemento e efectos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dicitou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(198).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 4612/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/01/16 e o informe de fiscalización do 16/02/16, dáse conta do informe-proposta do 26/02/16, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Procédese ao cambio da clausula oitava do convenio entre o Concello de Vigo e o CRAC de Coruxo para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2016, axustando o texto do mesmo ao indicado no informe de intervención de data

16 de febreiro de 2016. Quedando o contido modificado na devandita cláusula do seguinte xeito.

OITAVA.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade da mesma.

Asimesmo por imperativo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2016.

O CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do CEIP Tintureira, adecuadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo é a única entidade que desenvolveu en Coruxo este programa dun xeito continuado dende o ano 2002 ata o 2014, contando neste momento con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.04 cunha dotación de 20.000 EUROS, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai doce anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. excepto o mes de agosto que non se prestará o servizo. O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Tempo Libre.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización durante o ano 2016. Esta subvención cun importe de 20.000 EUROS establécese a través dun convenio co CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, dado que dende o seu inicio é a entidade encargada de organizar esta actividade.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil na cidade de Vigo, razón polo que se obvian os principios de publicidade e concorrencia.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, entre o Concello de Vigo e o CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000 EUROS a favor da entidade CENTRO, RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO, CIF:V36627495 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.04 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 10.000 EUROS correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (10.000E UROS) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, Eugenia Dolores Blanco Iglesias para a sinatura do presente convenio"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, Don Don Pablo Javier Paz Pérez D.N.I 36083678J, como presidente da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo CIF V36627495 e enderezo social en Coruxo, Tarrío nº 298, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Coruxo un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización infantil-xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, referida ao desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de do programa de Dinamización Infantil proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de

potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4612/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo , esta e o Concello de Vigo , conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento do programa de Dinamización Infantil proposto e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

PRIMEIRO.- A entidade Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo comprométese a colaborar coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento programa de Dinamización Infantil e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable e gratuíto, para rapaces e rapazas de educación primaria,con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos , no inmobile ubicado no Colexio A Paz de Tintureira de Coruxo, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 horas de luns a venres, tódolos meses do ano, excepto agosto que permanecerá pechada.

2º.- Destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non poidendo por seguridade dos menores asistentes , estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Monitor/a de Tempo Libre e un/ unha deles/as con formación en Grao nalgunha das áreas sociais.

3º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

4º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

7º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- *Garantir a prestación adecuada do programa de Dinamización Infantil. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

2º.- *Aboar á Asociación Centro Recreativo,Artístico e Cultural de Coruxo a cantidade de 20.000,00 € pola organización e desenvolvemento do programa Dinamización Infantil durante o ano 2016,destinada a nenos e nenas de 6 a 13 anos que se desenvolverá dacordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:00 e 20:00 h. tódolos meses do ano a excepción do mes de agosto, e en vacacións escolares en horario de mañán. A aplicación presupostaria será con cargo á partida 3370.489.00.04 “Subvención do programa de Dinamización Infantil de Coruxo” do orzamento do ano 2016.*

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

TERCEIRO.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTO.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo,e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados. Co obxecto de facilitar á entidade a disposición de fondos previos ao pagamento do primeiro prazo anticipado por parte do Concello, establécese como gasto subvencionable a cantidade de 625€ destinados a sufragar gastos financeiros por parte da entidade, indispensables para a execución da actividade. Garántízase que o importe total da subvención non supera o custe da actividade subvencionada.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

QUINTO.-Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción . (Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución).

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

SÉTIMO.- A entidade Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo do Concello de Vigo.

OITAVO.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

NOVENO.- A Asociación Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 10 de decembro do presente ano. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. Tendo en conta que o 95% da subvención destínase a financiar gastos de persoal, a entidade beneficiaria deberá incorporar á conta xustificativa as nóminas es os Tcs relativos a dito persoal, así como unha declaración asinada polo presidente da entidade na que conste que foi practicada a pertinente retención para o Imposto sobre a renda das Persoas Físicas, e que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas

fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 23 de decembro do 2016.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

DÉCIMO SEGUNDO.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO CUARTO.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos

menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persona, configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dara lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e o reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO QUINTO.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTO.- A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

DÉCIMO SÉTIMO.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo

O ALCALDE

Presidente do CRAC de Coruxo

Asdo. Abel Caballero Álvarez

Asdo: Pablo Javier Paz Pérez “

17(199).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL DE LAVADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 4613/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/01/16 e o informe de fiscalización do 16/02/16, dáse conta do informe-proposta do 26/02/16, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Procédese ao cambio da cláusula oitava do convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal de Lavadoras para o desenvolvemento dun programa de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2016, axustando o texto do mesmo ao indicado no informe de intervención de data 16 de febreiro de 2016. Quedando o contido modificado na devandita cláusula do seguinte xeito.

OITAVA.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darase publicidade da mesma.

Asimesmo por imperativo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.”

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellaría de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e o Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2016.

O Asociación Veciñal,Cultural e Deportiva de Lavadores vén colaborando coa Concellaría de Xuventude dende 2001 na realización de actividades.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións da asociación, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores é a única entidade que desenvolveu en Lavadores este programa de dinamización infantil e xuvenil dun xeito continuado dende o ano 2001,contando neste momento con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e

zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.02 cunha dotación de 25.000 €, destinada a tal fin.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai once anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs. En xuño, a partir das vacacións escolares e en xullo, o horario será de 09:30 a 13:30 h, excepto o mes de agosto que non se prestará o Servizo.

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión do programa de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores durante o ano 2016. Esta subvención cun importe de 25.000 € establécese a través dun convenio coa Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, dado que dende o seu inicio é a entidade encargada de organizar esta actividade.

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo, razón polo que se obvian os principios de publicidade e concorrencia.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil entre o Concello de Vigo e o Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 25.000 EUROS a favor da entidade Asociación Veciñal de Lavadores CIF: G36633618 con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 12.500 EUROS correspondentes ao 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (12.500 EUROS) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estrictamente de carácter social non se esixen garantías.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, Eugenia Dolores Blanco Iglesias para a sinatura do presente convenio"

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

"Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.

Doutra, D. Eduardo Fernández Pérez, con DNI: 35961107D como presidente da Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores, CIF: G36633618 e enderezo social en Rúa Ramón Nieto nº 302, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 4613/336

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Veciñal y Cultural de Lavadores ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento do programa de dinamización infantil e xuvenil que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Veciñal e Cultural de Lavadores, referida ao desenvolvemento da actividade de dinamización infaantil e xuvenil, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.02, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4134/336.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores o Concello de Vigo e a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de dinamización infantil e xuvenil proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores comprométese a desenvolver a actividade de dinamización infantil e xuvenil en Lavadores e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 7 e 12 anos, como mínimo, no inmovible denominado Villa Galicia, na rúa Ramón Nieto núm. 302, de acordo co programa presentado, de luns a venres en horario 16:30 e 20:30 horas agás nas vacacións de verán que será de 9:30 a 13:30 horas

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de dinamización infantil e xuvenil a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Conceder directamente á Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva de Lavadores unha subvención por importe de 25.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.02 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de dinamización infantil e xuvenil no ano 2016.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 €) e outro do 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia. Segundo a Lei Xeral de Subvencións rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións e darse publicidade.

Asimesmo por imperativo da Lei Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e booo goberno tamén se publicará no Portal de Transparencia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, da Asociación Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 10 de decembro do presente ano.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:

a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.

b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

c) Manifestación doutros ingresos ou subveccións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012/2003, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.

Se a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa

seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2016.

A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá solicitar 3 ofertas nos contratos de subministros e servizos cando o gasto exceda de 18.000€, por aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Cultural, Veciñal e deportiva de Lavadores poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,

a
O Alcalde

O Presidente da AVCD de Lavadores

Asdo: Abel Caballero Álvarez

D.Eduardo Fernández Pérez”

18(200).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me/rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.